



ATENEA

Revista trimestral do Ateneo Ferrolán · Abril - maio - xuño 2002





Frai Martín Sarmiento

Artigos de Juan J. Burgoa e Xavier Alcalá.

Juan Farias

Un home flaco e con orellas
Entrevista de Bea Picos





nº9

O Día Mundial da Paz. Solidariedade Asociación de loita contra os malos tratos ALMAT. Artigo A voltas coa planta de gas. A Imaxe por Salas. Programación Ciclos de cine e exposicións fotográficas



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 9. Abril-Maio-Xuño 2002

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º.
FERROL

Tlfnos.
981 357 090/ 981 354 098

Fax.
981 354 098

E-mail:
a_ferrol@teleline.es

Web.
www.ateneoferrolan.org

ISSN: 1575-9679

Depósito legal: C1937/99




REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo,
Fernando Ocampo Montesinos
e María do Mar Villares Díaz

DESEÑO E MAQUETACIÓN
María Marqués

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Elisia Montañés Fojo

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Adriana Fernández Acebo, Alberto González Fernández, Andrés Pena, Bea Picos, César Abella Vázquez, Colexio Cruceiro de Canido, Eliseo Zaera Ríos, Gabriel Tizón, Juan J. Burgoa, Juan Torrente, Manuel Rico Verea, Mari Carmen Kruckenberg, Roberto Casteleiro, Rubén Artabe, Salas, Tono da Graña e Xavier Alcalá.



EDITORIAL



ai unha máxima aceptada, teóricamente por todo o mundo, avalada por unha lóxica aplastante como é que a suma de esforzos sempre é positiva para o conxunto da comunidade. Pois ben, semella que no noso pobo –falamos de Ferrol– iso queda moito na teoría. Non estamos a falar, como adoitan moitos, pola queixa contínua, senón tentando facer unha reflexión sobre o que é o acontecer e o facer diario de todos cantos falamos e manifestamos que estamos a laborar, e dun xeito do máis desinteresado, pola nosa comunidade, en calquera dos ámbitos, sexa cultural, social, deportivo, económico, turístico... E íso facémolo dende o respaldo ou tranquilidade que che da o estar a colaborar en algo, por pouco que sexa, a prol do desenvolvemento da nosa comarca.

Nese senso non se trata de sacar medallas, todos as temos, e "as nosas son as mellores", máis ben trátase dunha chamada de atención a nós mesmos, en tanto a que sexamos máis humildes e, de verdad, que sexamos desinteresados e solidarios. Ó longo de máis de vintecinco anos de existencia do ATENEO FERROLÁN –última xeira–, tódolos ferroláns que pasaron por esta casa aportaron algo nos distintos eidos da cultura e outras actividades sociais. Durante todo este tempo fomos enchendo buraquiños, mentres outros/as moitos/as, persoas e entidades enchían outros ocos. Ninguén ten a exclusividade, sobre todo se miramos cara atrás, de cubrir baleiros.

Nós coidamos que todo canto sexa facer algo é positivo e así debémolo tomar. Nesa liña movémonos, nesa actitude estamos a facer, ultimanente, a revista ATENEA onde damos cabida a todo o mundo-entidades, persoas que fan os seus "pinitos literarios" en narrativa, poesía etc, e así ven facendo o ATENEO en calquera actividade, abertas sempre á colaboración e a coordinación.

Iso último, coidamos que é do máis importante, por iso saudamos con ledicia e moito agarimo calquera iniciativa que leve un fondo colectivo. Fixémolo no ano 95 cos grupos de teatro afeccionado, cos que recuperamolo teatro galego para Ferrol, coa recuperación deses Xoves Teatrais, hoxe consolidados. Fixémolo co noso apoio á consecución do Campus Universitario para Ferrol. Fixémolo hai tres anos, cando apoiamos ó Clube de Montaña nesa actividade e recuperación da Batalla de Brión e xunto con eles e outras persoas e entidades celebramos o 200 Aniversario, dando lugar á aparición dunha entidade "Asociación Batalla de Brión".

Neste momento, e porque non falamos de nós, quixeramos resaltar ese feito polo espírito que conleva. É dicir, esa Asociación naceu cun obxectivo concreto e cunha vocación aberta e solidaria, de englobar a tódalas persoas ou entidades interesadas na recuperación desa parte da nosa historia. A realidade, nese senso quedou bastante cativa, salvo as palabras de recoñecemento e apoio que lles manifestou o Alcalde na súa presentación oficial.

Nós, dende o ATENEO, como integrantes desa Asociación, entendemos que a "Asociación Batalla de Brión" fixo un labor moi digno e agora ás portas dun 2003, no cal está previsto a conmemoración desa batalla coa participación dos ingleses e a inclusión desta efeméride nos circuitos europeos de celebración das grandes batallas sería bo para Ferrol que todos nos deixaramos de protagonismos estériles e, en verdade, fóramos quen de poñe-las nosas enerxías a prol de Ferrol.

Explicámonos, todo o mundo fala de Ilustración, de Feiras, de Teatro, de Batallas, de...

Nós entendemos, e aí van os nosos desexos e as nosas suxerencias que o xeito e as formas, sendo prácticos, é que dende algunha instancia aglutinadora, como pode ser o concello e, máis concretamente a Alcaldía, convocara a tódalas posibles partes interesantes e interesadas en aportar algo, cada unha súa medida, como se fixo cando se quixo impedí-la venda do edificio do antigo goberno militar para que dunha vez por todas, en Ferrol, sexamos quen de facer algo unitario, solidario e para todo o colectivo, non para lucimento propio ou "do noso reino".

Aínda é tempo.

ATENEO FERROLÁN



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA - HEMEROTECA


Publicacións periódicas




Anuario Brigantino
Nº 23




Anuario da Gaita
Nº 15
Actividades no eido da gaita no ano 2000



Cátedra. Revista Eumesa de Estudios
Nº 8
Premio de investigación Concello de Pontedeume 2000




Fadamorgana
Revista galega de literatura infantil e xuvenil



Ferrolanálisis
Nº 16



Dez.Eme
Nº 3 2001
Revista de historia e ciencias sociais da Fundación 10 de Marzo de CCOO



Revista de Estudios Mindonienses
Nº 17



Tempos Novos
Nº 37
Entrevista, nunca publicada, a Manuel Fraga, pola revista *Teima*

OBRAS DE REFERENCIA

Enciclopedia Galega Universal
Ed.Ir Indo,Vol. nº 6

Enciclopedia Británica

Anuarios de Difusora internacional

Enciclopedia *Proxecto Galicia*
Hércules de Edicións.Tomo XXXIII

PRENSA DIARIA

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

O Comarcal

O Correo Galego

El Correo Gallego


Faro de Vigo

A Nosa Terra

El País

El Mundo

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS




Bibliografía arqueolóxica de Galicia
Emilio Abad y Roberto Aboal
Ed. Deputación Provincial de Pontevedra; 2000
ISBN: 84-8457-019-3



Concepción Arenal (1820-1893)
Manuela Santalla
Ed. Concello de Ferrol. Concellería de Cultura; 2001



La cocina económica: más de un siglo en Ferrol
Ana Pernas
Ed. Concello de Ferrol; 2001
ISBN: 84-88991-17-7



Ferrol mar adentro
Gonzalo Torrente Ballester y Manuel Vilariño
Ed. Ir Indo; 1993
ISBN: 84-7680-160-2




A pousada do sétimo día
Juan Farias
Ed. Everest Galicia; 1998
ISBN: 84-403-0385-8



Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)
Xosé Ramón Barreiro Fernández (cord)
Ed. Parlamento de Galicia e Real Academia Galega; 2001
Tomo I: 84-87987-25-7
Tomo II: 84-87987-24-5



Cruceros y cruces de Ferrolterra
Juan José Burgoa
Ed. Edicións Embora; 2001
ISBN: 84-95460-11-4




Ferrol no patrimonio mundial
Guillermo Llorca Freire
Ed. Concello de Ferrol; 2002

Este ano o «Día das Letras Galegas» está adicado a Fray Martín Sarmiento, na nosa biblioteca temos diferentes libros sobre o tema, dos que destacamos os seguintes:



Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)
Fr. Mateo del Alamo y Fr. Justo Pérez de Urbel
Ed. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos-CSIC; 1950



Itinerario Bergantiñán do padre Sarmiento
Mª Leonor Alonso y Luís Antonio Giadás
Ed. Deputación Provincial da Coruña; 1998
ISBN: 84-89652-62-7

BALANCE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2001

Gustaríanos presentar ós socios/as un conxunto de realizacións máis extenso e máis intenso, sobretodo tendo en conta que durante o ano 2001 celebramos o 25 aniversario da nosa Entidade. Recollemos neste extracto un resumo apresurado de todo o que fixemos, o que fumos quen de poder levar adiante. Faltan moitas cousas e de seguro que ó xuicio de alguén sobran outras, pero o que vos queremos trasmitir e non podedes dubidar é que detrás desa lista de actos e historias feitas hai moito traballo, moita xestión e moita entrega, e moito máis, moitísimo máis nos intentos, na preparación, na búsqueda de outras cousas que non poideron ó final levarse a cabo, de ideas preciosas, de actuacións que resultarían espectaculares pero que non poideron ser, por cuestión económica unhas e por outros motivos as demáis.

EXPOSICIÓNS:

- ***A lei dos nenos***
- ***Castelao e nós***
- ***Alfredo Prados Casal***
- ***Certame Feitura. Eidos Escultura 01***
- ***A muller no século XXI***
- ***25 anos de patrimonio***
- ***Rafael Morano Mora***
- ***Patrimonio Biblioteca***
- ***Susana Bermejo***
- ***Nathalie Carrey Taracido***
- Homenaxe ó pintor ferrolán: ***Tomás Barros***
- Exposición ***Eça de Queirós***

CONFERENCIAS:

- ***O noso entorno***
- Ciclo ***Torrente Ballester***
- ***A lei dos nenos***
- Recital Poético ***Día da Paz***
- Ciclo ***Os nosos Barrios***
- ***Planta de gas***
- ***O sector naval***
- ***A vida e obra de Eça de Queirós***
- Presentacións de libros
- Conferencia do ferrolán nominado ó premio **Hans Christian Andersen** de literatura infantil e xuvenil ***Juan Farias***

CONCERTOS

- ***Escola da Vaca***
- 11° Concurso de gaita ***Constantino Bellón***
- Fiadeiro en concerto ***4 mulleres***
- ***Xornadas da gaita***

TEATRO:

- ***O principiño***
- ***Talía*** homenaxe a ***Tomás Barros***

CINE:

- Ciclo **Torrente Ballester**
  - ***Surcos***
  - ***Rebeldía***
  - ***El rey pasmado***
- Ciclo **A muller no cine español**
  - ***Calle mayor***
  - ***La tía Tula***
  - ***Mi hija Hildegart***
  - ***Pecata minuta***

CURSOS:

- Debuxo e pintura
- Manualidades nenos
- Animación á lectura

PUBLICACIÓNS:

- Revista ***ATENEA*** (Publicación trimestral)
- ***Caderno ATENEO*** (Anual: Temática de Ferrol ou Ferrolterra)
- Edición do CD do 11° Concurso de Gaita Galega ***Constantino Bellón***
- Edición do CD de Fiadeiro Musical: **"4 MULLERES"** de Mª Manuela, Claudia Campos, Paloma Suanzes e Julie Guravich
- Tríptico informativo e publicitario do **que é o *ATENEO FERROLÁN***

CONMEMORACIÓN DAS VODAS DE PRATA DO ATENEO FERROLÁN ANO 1976 – ANO 2001

- Publicación dun número extraordinario da Revista ***ATENEA*** con artigos de personaxes que pasaron polo ***ATENEO***.
- Apertura da Páxina WEB do ***ATENEO***: **www.ateneoferrolan.org**

«Detrás desta lista de actos e historias feitas hai moito traballo, moita xestión e moita entrega»

BIBLIOTECA-HEMEROTECA

- Colaboración co Campus de Ferrol, coas prácticas dos estudiantes de Biblioteconomía na nosa biblioteca-hemeroteca.

- Prensa Diaria: **La Voz de Galicia, Diario de Ferrol, O Correo Galego, El Correo Gallego, Faro de Vigo, El País, El Mundo.**

Ó longo do ano 2001 a biblioteca incrementou notablemente o seu volume. Sempre dentro da línea de acercar ós socios/as toda a información posible, presentamos aquí as últimas incorporacións que tivo a biblioteca, para que saiban o que está a súa disposición, e nos fagan suxerencias sobre o que lles gustaría que tivésemos.

Como xa é sabido a biblioteca do *ATENEO* se enfoca, principalmente, hacia temas ferroláns e neste sentido temos importantes novidades, como son:

- ***Tercio Norte. Los infantes de marina del quartel de Dolores.*** Ed. Deputación da Coruña
- ***Arquitecturas da provincia da Coruña-Ferrol.* Vol. XIV.** Ed. Deputación da Coruña
- ***A antiga maestranza de artillería, rectorado da Universidade da Coruña.*** Ed. Universidade da Coruña
- ***Donosiña.*** De Xaime Quintanilla Ulla (Ed. Laura Tato).
- ***O legado bibliográfico de Rubia Barcia.*** Ed. Liceo Rubia Barcia. Ferrol
- ***Ferrol. Corazón de Navío.*** De Xohana Torres. Ed. Concello de Ferrol
- ***Ferrol en Torrente.*** De José Antonio Ponte Far. Ed. Concello de ferrol
- ***Ciencia folklórica análitico-musical. Análisis de 252 alalás.*** De Rogelio Groba. Ed. Deputación da Coruña
- ***Bestiario en la escultura de las iglesias románicas de la provincia de A Coruña. Simbología.*** De Mª José Domingo.. Ed. Deputación da Coruña

- As últimas obras representadas polo Centro Dramático Galego: ***A cacatúa verde*** e ***Rosalía***

No que respecta ás obras de referencia, incorporamos os últimos volumes da ***Enciclopedia Gallega*** e da ***Enciclopedia Galicia*** de Hércules de Ediciones e ademáis adquirimos, recentemente, a ***Enciclopedia Universal Galega*** da editorial Ir Indo.

Como últimas adquisicións:

- ***A man dos paiños.*** De Manuel Rivas.
- ***Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral.*** Ed. Xerais.
- ***Contos das 1001 noites.*** Ed.Xerais.
- ***Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares.*** De Antón Cortizas.

Sinalar que, como tódolos anos, temos os últimos números das revistas:

- ***Cátedra***
- ***Revista de Neda***
- ***Ferrol Análisis***
- ***Estudios Mindonienses***



Diante deste resumo do que fixo o voso *ATENEO* o ano pasado, ESPERAMOS unha reacción do corpo SOCIAL, positiva ou negativa, ou si queredes neutra, pero REACCIÓN: contestade, criticade, falade algo, dádenos a vosa opinión, o voso xuício, aportádenos ideas e suxerencias. Estade seguros de que as teremos en conta e falaremos delas nas próximas revistas.

Un saúdo esperanzado da XUNTA DIRECTIVA

«Esperamos unha reacción do corpo social. Contestade, criticade, aportádenos ideas e suxerencias»



FRAI MARTÍN SARMIENTO E AS SÚAS VIAXES A FERROL

Por Juan J. Burgoa

Neste ano 2002 adicarase o Día das Letras Galegas a frai Martín Sarmiento, monxe benedictino nado en Villafranca del Bierzo, fillo dun mestre de arquitectura de proxenia pontevedresa. Sendo como foi remiso en dar á imprenta a súa obra, a meirande parte do inxente traballo que deixou manuscrito está a seguir inédito, atopándose en diferentes lugares, desde a Biblioteca Nacional de Madrid ata o Museo de Pontevedra.

Sarmiento, xunto co tamén benedictino Feixoo, foi un dos máis recoñecidos intelectuais de seu tempo, devanceiro na defensa das ciencias e dos saberes e un home de apaixoado amor por Galicia, á que estuvo moi achegado, pescudando na súa lingua, historia e costumes así como estudiando detidamente a toponimia e a natureza galega.

Como na meirande parte de Europa e tamén de España, durante o século XVIII, estendeuse en Galicia o amplo movemento social, cultural e ideolóxico da Ilustración. Aínda que os ilustrados galegos se distinguieron pola moderación das súas propostas, esencialmente nos campos económico, comercial e agrícola, o devandito movemento significou unha das etapas máis importantes e frutuosas da historia de Galicia.

O Pai Martín Sarmiento, no mundo Pedro Joseph García de Seraxe Balboa, representou un dos máis sobranceiros autores da Ilustración española e, dende logo, da galega. Destacou especialmente polos seus traballos sobre a lingua galega nunha época na que estaba esquecida prácticamente. Foi o primeiro en esixir un diccionario galego e a edición dos cancioneiros medievais así como en defender o emprego das linguas vernáculas por parte da Igrexa. Realizou o ímprobo labor de recoller, documentar e estudia-lo galego achegando numerosos datos de carácter etimolóxico, histórico, etnográfico e toponímico.

«O Pai Martín Sarmiento representou un dos máis sobranceiros autores da Ilustración española e, dende logo, da galega»

Foron tres as viaxes, nos anos 1725, 1745 y 1754, que o Pai Sarmiento, galego de corazón, fixo a Galicia dende súa residencia en Madrid, sendo as dúas últimas de especial interés polas importantes referencias que fai de Ferrol. No mes de Agosto do ano 1745 percorre a ría ferrolán, a costa ata o cabo Prior, o polvorín do Bispón, o castelo de San Felipe, do que indica que non está rematado, e descansa na casa do capelán do devandito castelo. Pola tarde visita a vila e o asteleiro da Graña, daquela en obras, o mesmo que diversos navíos, algúns deles en construcción.

No mes de Xuño do ano 1754, aloxado no Monasterio de San Martiño de Xubia como na anterior viaxe, transita e describe detidamente o Camiño Vello de Teixido e fai tamén un percorrido ata o arenal do Prioiro, donde ainda atopa as raras froitiñas das camariñas, e párase na lagoa de Doniños, falándonos da súa lenda da cidade asolagada de Valverde.

Na súa estadía na cidade de Ferrol xanta (e logo recunca) coa marquesa de San Sadurniño e o Intendente de Marina Perea mentras visita a aldea de Recimil, o Cuadro de Esteiro, o porto en construcción, o asteleiro de Caranza e varios buques do mesmo, incluindo os seis navíos en construcción da ducia prevista do Apostolado. Tamén fala do paredón do Arsenal e dun gran canal o foso que vai ata o asteleiro mentras que fai unha cita da futura cidade pois daquela ainda non principiaran as obras do novo barrio da Madalena.

A Fundación Ferrol Metrópoli levou a cabo no mes de Setembro do pasado ano un Primeiro Encontro de Cidades da Ilustración baixo a premisa de considerar a Ferrol como unha cidade ilustrada nada directamente dos auspicios da Corona, ó tempo que tamén se daba un pulo á súa candidatura ó Patrimonio Mundial.

Asi mesmo esta Fundación, coñecedora do relevante papel xogado por Ferrol na Galicia da época ilustrada, está a celebrar en datas do vindeiro mes de Abril unhas Xornadas (abertas a todo o mundo, como é costume nos actos culturais de Ferrol Metrópoli) sobre Ferrol da Ilustración na Galicia do século XVIII. Estas Xornadas levaranse a cabo coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol, a Universidade da Coruña e o *ATENEO FERROLÁN*, e dentro delas o estudo da obra, os traballos e as viaxes de Frai Martín Sarmiento terán un relevante papel.

Juan J. Burgoa é socio do *ATENEO FERROLÁN* e asesor cultural da Fundación Ferrol Metrópoli

O BRILLO DE SARMIENTO

Por Xavier Alcalá

Se eu tivese que facer cualificación dos personaxes homenaxeados pola Academia Galega durante os 17 de maio de que teño lembranza, moi probablemente algún académico daría en berrar. Coido que sobraron dabondo suxeitiños que nada aportaron ao ser e non ser do Impaís.

Sen embargo confeso a miña devoción polo escolleito neste ano, Frei Martín Sarmiento.

Seica o Carlos Casares, narrador incomún, escribiu unha novelación da vida do frade. Mais, sen lle restar o mínimo valor ao que supoño excelente, permítome recomendar aos lectores de *ATENEA* a lectura dos documentos conservados do moito que o frade escribiu.



Neles está debuxada a curiosidade dunha criatura sen necio escrúpulo, tipicamente ilustrada, partícipe do movemento que coñecemos como Ilustración, capaz de restar escurantismo a unha sociedade tan perseguida pola Santa Inquisición coma a española.

A Sarmiento tanto lle preocupan as infusións para aliviar a vexiga (recoméndalle a carqueixa mesmo a El-Rei) como as levas para tripulación de navíos que deixan Galicia sen homes dispostos na industria de pescar, salgar e vender a riqueza das rías.

A pesar das dificultades de comunicación, ao frade trasterrado en Madrid non lle faltan coñecementos dunha nación que el sabe diferente, e maltratada.

Galicia dóelle como a calquera galego mergullado nos tobos da Corte, e desde as saudades penetrantes da súa celda fai válido o dito de que para o home non hai máis patria verdadeira que a lingua materna.

Neses termos déixalle ver ao seu irmán Francisco Xavier, «comisario de Marina» en Pontevedra, que os nenos galegos deben aprender a súa lingua en primeira instancia, e renega da brutalidade de facerlles estudiar latín desde o castelán.

Resulta abraiante que, logo de douscentos cincuenta anos, o que di o sabio a cerca do seu idioma patrimonial teña vixencia; e un pregúntase que tería pasado pola súa cabeza se chegase a coñecer a brutalidade da agresión que exercen os medios de comunicación españois sobre as linguas que non importa esquecer.

Tamén resulta do maior interese, para quen non se queira vencer aos prexuízos e preconceptos, a observación da fala que el recolleu con intencións de arranxar unha gramática galega: no século XVIII Galicia levaba xa moitos de costas viradas a Portugal pero a fala do pobo resistía a castelanización que hoxe parece natural e fai pensar que a purificación do galego é sinxelo esforzo lusista.

Sarmiento tivo unha vida longa. Naceu en tempo dos Austrias, cando mandaba o dito de «con todos guerra e paz con Inglaterra» e viviu baixo tres Borbóns, que, para a desgracia de España, dependían de pactos de familia. Sendo home cunha idea de España xenerosa, transoceánica, proxectada ao mundo, morreu a tempo de non coñecer o cuarto Borbón, o que cedeu trono ao Pepe Botella.


Por tanto, tamén nos faltan os seus comentarios ao respecto.

A súa obra foi humildemente grandiosa, e saboreada polos nobres e políticos de que foi amigo. Deles –suponse– obtivo coñecementos que lle permitiron formar criterios perigosos para o sistema.

Pero nunca foi traidor. Advertiu sen medo...

Insisto: a súa brillantez eclipsa a demasiados suxeitos que a Academia escolleu. ⌘

«Unha criatura sen necio escrúpulo, típicamente ilustrada, partícipe do movemento que coñecemos como Ilustración»





ALMAT

ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA OS MALOS TRATOS

A Asociación ALMAT nace en xuño de 1999 pola preocupación dun conxunto de persoas ante a falta de recursos e información para ás mulleres que sofren malos tratos. Nos seus inicios a actividade estaba enfocada á atención de mulleres, pero un recoñecemento da situación real da nosa sociedade, leva ó persoal da Asociación a expandir a súa actividade a tódalas persoas (homes, mulleres, nenos e maiores), quedando así establecida como unha asociación de loita contra o maltrato, sen facer distincións de sexo ou idade.

A inaccesibilidade horaria e unha atención non global por parte das Administracións Públicas fan que estas persoas se sentisen desamparadas e retornase á situación da que trataban de escapar. Co obxectivo claro de axudar a estas persoas nace ALMAT que inicia a súa andaina dun xeito moi humilde, atendendo nas cafeterías, pero contando sempre cun persoal profesional e cualificado, pero sobor de todo sensibilizado, que vai axudando a que esta Asociación se asente e crezca ata o que é na actualidade.

A día de hoxe, esta asociación conta cun local na parte posterior do mercado de Caranza que abre as súas portas tódalas mañáns de 9.30 h a 13.30 h. onde poden achegarse todas aquelas persoas que o desexen para pedir axuda ou simplemente información.

«ALMAT nace en xuño de 1999 pola preocupación dun conxunto de persoas ante a falta de recursos e información para as mulleres que sofren malos tratos»

¿Cómo funciona ALMAT?

As persoas que desexen poñerse en contacto con ALMAT teñen dúas posibilidades:

Achegarse polo local en horario de mañán ou ben chamar ó teléfono de garda que esta Asociación posúe e que está activo as 24 horas do día (626 00 23 23). As persoas que queiran recurrir a nós a través deste medio poden pedir simplemente información telefónica ou solicitar ser atendidos presencialmente polo noso persoal a calquera hora do día no local da asociación ou ben, se a persoa non puidese desprazarse, un equipo de garda se desprazaría ata o domicilio da persoa que o solicite.

Este equipo de garda dará toda a información que o demandante solicite e se o desexa, poderá acompañalo ós centros de seguridade ou xudiciais a facelas denuncias pertinentes, ós centros sanitarios... Do mesmo xeito, cando a situación o requira, esta Asociación conta cunha serie de profesionais que o poderán asesorar xudicial e socialmente, apoiar psicolóxicamente e atender médicamente.

Na actualidade esta Asociación conta cun equipo composto por:

- 7 psicólogos/as
- 8 avogados/as
- 3 traballador/as sociais
- 5 doctor/as

Estes profesionais prestan un asesoramento gratuito a tódalas persoas que o desexen.

A acción de ALMAT non se queda só na atención puntual de víctimas do maltrato senón que trata de ser coherente coa problemática e dar apoio unha vez iniciados os trámites de denuncia de maltrato e demandas de separación. Para iso se puxo en marcha un Programa de Terapias de Grupo guiadas polos psicólogos de ALMAT e que trantan de apoiar ás persoas que está a vivir ou viviron esta problemática, e do mesmo xeito que elas tiren unhas por outras.

A día de hoxe está a funcionar só un grupo de Terapia, xa que o outro rematou a súa actividade a finais do ano pasado e estánse a crear novos grupos que inicien a súa andaina en breve tempo.

Do mesmo xeito, trátase de que a información sobre procedementos chegue á máxima poboación posible de tal xeito que se poi-

da crear unha rede social informada e sensibilizada capaz de axudar e apoiar ás víctimas de maltrato. Para iso, estánse a impartir charlas e conferencias en distintos concellos por persoal de ALMAT sobre dos diferentes aspectos que implica a problemática do maltrato.

Proxecto de futuro


Outro enfoque no que se está a traballar dende ALMAT é na prevención do maltrato, para iso, estáse a desenvolver un programa de prevención do maltrato en contextos escolares, principalmente dirixido a alumnos de ESO, xa que nestas idades é cando se comezan a establece-las primeiras relacións afectivas entre a xente nova, e é cando se poden inicia-los primeiros problemas de relacións agresivas e disfuncionais entre as parellas, marcando as relacións afectivas posteriores.

Así mesmo, a excesiva demanda que se fai dos servicios prestados por ALMAT, fai se vexa necesario a expansión da súa actividade. Nos inicios a Asociación ALMAT tiña como ámbito xeográfico de actuación as Comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal xunto cos concellos de Miño e Vilarmaior. Dende principios deste ano ALMAT atende a toda a provincia da Coruña, tendo en conta sempre que esta asociación nace co obxectivo de axudar, polo que, sempre que estea dentro das nosoas posibilidades se atenderá a todo o mundo que o solicite, sen ningún tipo de limitación xeográfica.

¿Cómo colaborar con ALMAT?

A día de hoxe o labor de ALMAT susténtase no traballo dos voluntarios. Se vostede desexa colaborar na medida das súas posibilidades, ALMAT agárdao cos brazos abertos. Do mesmo xeito, pode colaborar connosco facéndose socio da nosa entidade co pagamento dunha cuota mensual ou anual, ou ben facendo un donativo na nosa asociación sen ningún tipo de responsabilidade. Para iso ten que poñerse en contacto con nós no noso local ou ben a través do teléfono de garda (626 00 23 23) onde lle poderán informar a calquera hora. ✠

«Dende principios deste ano ALMAT atende a toda a provincia da Coruña»



ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS FERROLTERRA

¿Quén somos e dónde estamos?
A Asociación de Diabéticos «Ferrolterra» ten a súa sede social na rúa Río Vespasante nº15, baixo en Narón. Está inscrita no Rexistro Público da Delegación Provincial da Consellería de Xusticia, Interior e Relacións Laborais de Outubro de 1999. Dende marzo do 2000 inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude como ENTIDAD IN. SOCIAL, e dende maio, do mesmo ano, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

O por qué das nosas actividades
Dado que o maior avance no cuidado dos diabéticos, para evitar ou retrasar as problemáticas asociadas á enfermidade, é o «AUTOCONTROL», os obxetivos de todas as nosas actividades van encamiñadas a informar e a formar a todas as persoas diabéticas e/ou familiares naqueles aspectos que son responsabilidade do enfermo.

Actividades

1.- ATENCIÓN NO LOCAL SOCIAL: luns, mércores e venres, en horario de 17 a 19 horas con carácter xeral; e en calquer outro momento se as circunstancias así o demandan.

2.- ATENCIÓN DIETÉTICA: a cargo dunha enfermera especialista en Dietética e Nutrición, se lles ensina a realizar planes de alimentación atendendo ás súas necesidades nutricionais e tendo en conta o seu poder adquisitivo, os seus costumes dietéticas, etc.

3.- CONVIVENCIA DE XOVES: dirixida a xoves diabéticos comprendidos entre 17 e 30 anos, que poden ir acompañados das súas parellas para as que hai charlas específicas. Durante unha fin de semana, a través de charlas e talleres, tratanse aqueles problemas específicos destas idades: embarazo, sexualidade, adaptación dos tratamentos ó estilo de vida: diversión, estudios, traballo, etc. e información xeral: alimentación, insulinoterapia, exercicio físico, apoio psicolóxico, etc. Para elo contamos con diferentes especialistas en Endocrinoloxía, Nutrición e Psicoloxía de toda a Comunidade Autónoma.

«Os obxectivos de todas as nosas actividades van encamiñadas a informar e a formar»

4.- VACACIÓNS SOCIAIS PARA A TERCEIRA IDADE: durante elas se compaxinan actividades lúdicas con outras formativas: alimentación, autocontrol, exercicio físico, cuidado dos pés. Para elo durante as mesmas, están acompañados de: Dietista, endocrino e un equipo de profesores e alumnos da Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía.


5.- PROGRAMA RADIOFÓNICO SOBRE DIABETES: «DEBEMOS SABER». Esta Asociación ten socios en todos os Concellos da Área Sanitaria de Ferrol, coñecedores de que moitos deles non poden acercarse ós nosos locais, nós plantexamos a realización dun programa de radio que poidese chegar a todos os diabéticos socios ou non da Área Sanitaria; e así durante 28 programas coa colaboración de numerosos profesionais: endocrinos, enfermeras dietistas, podólogos, oftalmólogos, pediatras, nefrólogos; trataranse gran variedade de temas, como: que é a diabetes; presente e futuro do tratamento; o autocontrol e o autoanálise; coidados: ocular, de pés; prevención de nefropatía; exercicio físico, etc.

6.- CHARLAS-COLOQUIO DE INFORMACIÓN ÓS DIABÉTICOS: todos os anos coincidindo co Día Mundial da Diabetes realízase unha semana de charlas no Concello de Ferrol. Os temas das mesmas varían en función das demandas recibidas, e sempre se realiza unha como tema central o eslogan do Día Mundial.

7.- CAMPAÑAS DE SENSIBILIDADE E INFORMACIÓN: encamiñadas a facer partícipe á sociedade daquelas problemáticas que afectan ás personas pola súa condición de diabéticas. (Carnet de conducir, cambios de viales de insulina, etc.)

8.- CHARLAS EN CENTROS DA TERCEIRA IDADE, LOCAIS SOCIAIS... DO ÁREA SANITARIA: achegar a información especializada ó diabético que polo seu lugar de residencia non ten fácil acceso á mesma.

9.- PUBLICACIÓN DE LIBRO DE COCIÑA GALEGA PARA O DIABÉTICO E MENÚS NAVIDEÑOS. Todas estas publicacións están a disposición dos diabéticos nos nosos locais.



ASOCIACIÓN BATALLA DE BRIÓN

No ano 1990, o Club de Montaña Ferrol, recibeu a invitación do Concelleiro de deportes Emilio Beceiro, de facer unha actividade de sendeirismo dentro do programa de actividades deportivas do verán. Os montes de Brión, e península de Prioriño, eran terreos recorridos polos membros do clube, a vez que o primeiro presidente, Gerardo García Pardo, relataba a todos os camiñantes a historia do 1800.

Había unha conxunción, entre o interés do Concello, a actividade deportiva do Club Montaña Ferrol, ó empezar a falarse dun feito histórico escasamente reivindicado, e promocionar unha zona impresionante do Concello como é a entrada da ría de Ferrol, Monteventoso e os altos de Brión.

No 1999 o *ATENEO* se suma a esta celebración con dous festivais musicais no castelo de San Felipe, sentando a base do que pode ser a celebración do segundo centenario. Ó final, entre Club de Montaña, *ATENEO*, Toxos e Froles, AA.VV. de Brión, diversas persoas independentes interesadas no tema e a inestimable axuda da Asociación GreenJackets de Coruña, así como a total cobertura económica da Concellería de Cultura, se lanza un grupo de traballo, cara ó ano 2000, que deixa tras de si unhas celebracións, se ben non todo o que se quixera, polo menos moi dignas, que se traducen en:

Moito traballo, un montón de páxinas de prensa e un precedente digno de ser seguido, ademáis da creación desta entidade que pasa a chamarse «Batalla de Brión». Os feitos o final se resumiron en:

Pola tarde, do 19 os membros da Asociación Corunna e os Royal Green Jackets, desenrolan unhas escaramuzas no mesmo pobo de San Felipe. Dende primeira hora do 20, os membros da asociación, formados e uniformados deambulan polo castelo facendo as delicias do moito público asistente, a pólvora empeza a correr e soan cañonazos e disparos.

Na tarde, o castelo, énchese con máis de 3.000 personas, que disfrutan do ataque inglés e defensa de tropas do país, nun espectáculo de 45 minutos que deu colorido e alegría ó entorno de San Felipe. Unha queimada no propio castelo pechou os actos do día.




Despois de comer o 21, ingleses, Alcalde, Concelleiro de Cultura, prensa e organizacións, embarcan no Patrulleiro Bergantín da Armada Española, e con rumbo á Ensenada de Doniños, no lugar de fondeo do buque inglés dende donde se lanzaron ó mar os corpos dos ingleses mortos no reembarque, procédese a levar a cabo a idea de Rodrigo Ramos Ardá, de facer unha homenaxe en forma de coroa de loureiro, con salvas de fusilería por parte dos ingleses.

Despois homenaxe ós caídos en Batalla no baluarte de San Xoán donde se procede a colocar unha coroa de lourerio no monumento e descubrir unha placa que lembre o 200 aniversario.

O 25 facía xusto 200 anos que se pelexaba por enriba do castelo de San Felipe, pero no ano 2000, recuperouse para o uso cívico o Castelo, e se iza a bandeira Ferrolá. Entre poesía e teatro, así como fogos artificias para pechar unha noite histórica. A representación da obra de Fra Molinero *A batalla de Brión* supuxo unha apoteose de espectáculo e de público.

«A representación da obra de Fra Molinero *A Batalla de Brión* supuxo unha apoteose de espectáculo e de público»





Un feixe de actos deportivos entre os que se atoparon a marcha de Brión polo percorrido tradicional, pechou este 200 aniversario.

Todo esto da lugar a que cando se fai o resume do que foi a batalla, se chegue a conclusión que hai que darlle unha continuidade, dado que os ingleses da Agrupación Corunna e os amigos de The Royal Greenjackets, saen encantados da contienda, e se pensa na continuidade dentro do circuito Histórico de Batallas Napoleónicas, polo que no ano 2001 se constitúe a Asociación con Esteban Fernández, José L. Hermida, Isabel Díaz-Robles, Luis Calvo Teijo, Jaime L. Picallo Antonio Sieiro e Xan Ramírez, como membros da directiva, co apoio do clube de Montaña, *ATENEO*, AAVV de Brión, A Graña, e San Felipe-S.Cristobal, e Club de Remo San Felipe.

«Para que Ferrol, polo seu contido físico e histórico, chegue a ser Patrimonio da Humanidade»

Así no ano 2001 tamén se fai un pequeno acto, con desfile e salvas no castelo, así como a marcha, xunto cunha representación teatral.

Pero é no 2003 donde se ten previsto poñer todo o potencial deste acto enriba da mesa, así comeza a plantexarse un calendario baseado en:

– AGOSTO 2003 –

XOVES 21
- Recepción participantes

VENRES 22
10'30 h.
- Visita ós arsenais e sitios da Ilustración.

13'00 h.
- Brindis nos asteleiros do Rei (Izar-Ferrol).

19'00 h.
- Toma das rúas da Graña (Rúa Real).

21'00 h.
- Lectura pregoneiro invitado, izado de bandeira.

SABADO 23
12'00 h.
- Recepción municipal.

12'45 h.
- Desfile.

13'30 h.
- Ofrenda no baluarte.

18'00 h.
- Batalla nos altos de Brión.

23'00 h.
- Fogos artificio entre castelos.

DOMINGO 24
10'00 h.
- Recepción ós participantes da marcha con salvas dende o castelo.

10'30 h.
- Marcha.

19'30 h.
- Asalto ó castelo.

Con estas perspectivas é de supoñer que esta entidade, nova na súa forma pero cun contido que nasceu hai mais de 200 anos, siga adiante nesa recuperación do entorno histórico de Ferrol, o primeiro acto será presentar unha pequena guía das baterías costeiras, e intentar botar unha man para que Ferrol, polo seu contido físico e histórico, chegue a ser Patrimonio da Humanidade. ✱

O DÍA MUNDIAL DA PAZ


O Manifesto pola Paz do 2000 condensa dun xeito sinxelo case todo o que se pode dicir sobre esta esperanza permanente da Humanidade dende o seu asentamento no Planeta Terra.

A dimensión individual e colectiva, os aspectos físicos e psíquicos, a convivencia entre persoas e pobos, todo está recollido e tratado con exactitude e claridade.

Pero sendo unha teima xa endémica en todo o mundo, sempre hai matices, aspectos, visións diferenciadas que enriquecen e poden favorecer o avance dunha conciencia común e dun impulso individual e colectivo que faga avanzar hacia a consecución definitiva dun escenario internacional ausente de conflictos armados.

Este sería un primeiro paso, fundamental para desenvolver un proceso permanente de mentalización, de culturización e de sementeira de actitudes e comportamentos activos de NON VIOLENCIA, de RESPETO e de TOLERANCIA.

O pasado día 30 de xaneiro o *ATENEO FERROLÁN* fixo a súa aportación e conmemorou por terceiro ano consecutivo o DÍA MUNDIAL DA PAZ, organizando un Maratón de Lectura para adultos e nenos/as.



Pola mañá participaron, nenos e nenas de Ferrol pertencentes ós Colexios de: «Cruceiro de Canido», «San Rosendo», «Cristo Rey», «Tirso de Molina» e «Jesús Maestro» amosando ó público os traballos que realizaron dentro das súas escolas para, tamén, celebrar este DÍA.



Pola tarde, a partir das 5 trala presentación do acto realizada polo Presidente do *ATENEO*, inicia o turno de lecturas o Alcalde da cidade Sr. D. Xaime Bello Costa, coincidindo ámbolos dous coa selección do texto, o MANIFESTO 2000 PARA UNHA CULTURA DE PAZ E NON VIOLENCIA:

Porque o ano 2000 debe ser un novo comenzo para todos nós. Xuntos podemos transformar a cultura de guerra e de violencia nunha cultura de paz e de non violencia.

Porque esta evolución esixe a participación de cada ún de nós e ofrece ós xóvenes e as xeneracións futuras valores que lles axuden a forxar un mundo máis xusto, máis solidario, máis libre, digno e armonioso, e con mellor prosperiedade para todos.

Porque a cultura de paz fai posible o desenrolo duradeiro, a protección do medio ambiente e a satisfacción persoal de cada ser humán.

Porque son conscente da miña parte de responsabilidade ante o futura da humanidade, especialmente para os nenos e nenas de hoxe e de mañán.

Me comprometo na miña vida cotidiá, na miña familia, no meu traballo, na miña comunidade, no meu país e na miña rexión a:

- Respeta-la vida e a dignidade de cada persona, sen discriminación nen perxuicios;

- Practica-la non violencia activa, rechazando a violencia en todas as súas for-

«Avanzar hacia a consecución definitiva dun escenario internacional ausente de conflictos armados»



mas: física, sexual, psicolóxica, económica e social, en particular hacia os máis débiles e vulnerables, como os nenos e os adolescentes;

- Comparti-lo meu tempo e os meus recursos materiais, cultivando a xenerosidade a fin de terminar coa exclusión, a inxustiza e a opresión política e económica;

- Defende-la libertade de expresión e a diversidade cultural, privilexiando sempre a escoita e o diálogo, sen ceder ó fanatismo, nen a maledicencia e o rechazo ó próximo;

- Promover un consumo responsable e un modo de desenrolo que teña en conta a importancia de todas as formas de vida e o equilibrio dos recursos naturais do planeta;

- Contribuir o desenrolo da miña comunidade, propiciando a plena participación das mulleres e o respecto dos principios democráticos, co fin de crear xuntos novas formas de solidariedade.

Participaron nesta lectura moitos ferroláns e ferrolás vinculados ó mundo das letras, das artes, da ensinanza... así como público en xeral que quixo apuntarse a esta iniciativa, presidido todo este escenario por un MURAL realizado polos alumnos da «Escola Aberta da Arte».

Hai que destacar a participación do grupo do Instituto «Concepción Arenal» dirixidos pola súa profesora Anxeles Seoane que leron e interpretaron poemas e cancións alusivas a este DÍA.

O acto rematou, logo de máis de 3 horas de lecturas variadas, coa actuación de Mª MANUELA e XURXO, que deleitaron ó público cunha fermosa actuación do seu repertorio musical.

Publicamos unha mostra do que foi este DÍA con parte do traballo realizado e lido polos alumnos de primaria do Colexio «Cruceiro de Canido» agradecéndolles a TODOS/AS os colaboradores e participantes nesta actividade, a súa colaboración e sensibilidade.









«Terminar coa exclusión, a inxustiza e a opresión política e económica; co fin de crear xuntos novas formas de solidariedade»

Os alumnos da Escola Aberta de Arte realizaron un mural con motivo do Día Mundial da Paz. No maratón de lectura, organizado polo *ATENEO FERROLÁN*, participaron persoas vinculadas ó mundo das letras, das artes e da ensinanza. O acto rematou coa actuación de Mª Manuela e Xurxo.

A TOLERANCIA E A DIVERSIDADE RELIXIOSA

Por Abel Romero Díaz

¿Que é a relixión? ¿Quen é Deus, Alá, Buda...? Moita xente, por exemplo: eu, cre nisto, cre en seres superiores. Pero eu pregunto: ¿hai que morrer por eles? Eu creo que non, pero hai persoas que sí. Según estudios antropolóxicos a relixión é unha crenza a conceptos imaxinarios, imaxinarios, ninguén viu a eses seres, so cremos que os veremos despois da morte. Pero eses seres crean guerras, e as guerras non benefician a ninguén. Os acontecementos do 11 de setembro foron causadas por eses seres, e gracias a eles tamén, o pobo que cre en eles está en guerra. ¿Os deuses queren que o seu pobo estea en guerra? Que eu saiba só hai un que o quere, Alá. Según él os seus crentes deben cumprir cinco obrigas: orar cinco veces ó día, xaxuar no mes de Ramadán, darlles esmola ós necesitados, peregrinar polo menos unha vez na vida á Meca, e a pero de todas face-la guerra santa. A guerra santa é unha guerra que teñen que face-los musulmáns contra os cristiáns para entrar no paraíso. Hai que matar para entrar nese lugar, un lugar que nin sequera se sabe se existe. Incluso hai xente que se carga de bombas e as explota para matar xente, pero o peor é que él tamén morre, pero está contento de morrer porque vai ir ó paraíso. Pero se non o fai non irá. Eu se soubese que o paraíso existe e fora musulmán matariame para ir a él, pois alí tería todo o que quero, pero penso que o mellor é cambiar a obriga de face-la guerra santa por: tira as armas que acubillas na túa casa. O mellor que todo o mundo debería facer é tolerar as crenzas do resto das persoas. Moita xente coñecida o fixo: Mahatma Gandhi, Emmeline Pankhurs, Martin Luther King, Rigoberta Menchú, Nelson Mandela, Teresa de Calcuta,... entre outros. Non se pode matar a ninguén por pensar diferente a ti, mellor dito, non hai que matar a ninguén. Hai relixións que nin sequera teñen deuses: as sectas. As sectas son relixións alternativas que son coma o fune de tabaco na roupa, e moi dificil de sacar. Nesas sectas quitanche o diñeiro, os amigos e a familia. Se te queres ir dela non podes, poi intentarán matarte, e aínda que acudas á policía non farán nada pois os da secta non fixeron ningún delito. Fuches ti o que se meteu na secta. En fin o mellor é face-lo que di o refrán: fai o amor e non a guerra. ✠

«Penso que o mellor é cambiar a obriga de face-la guerra santa por: tira as armas que acubillas na túa casa»

Abel Romero Díaz é alumno de Primaria de 6ºB do colexio Cruceiro de Canido



CARLOS CASARES MOURIÑO

O Ateneo Ferrolán expresa o seu pesar polo pasamento desta figura da Cultura Galega e bon amigo desta Entidade.



A HISTORIA DUN FUSIL QUE DISPARA PALABRAS

Por Laura Díaz Núñez

Nunha pequena cidade chamada Ferrol, había un alcalde chamado Xurxo, quen odiaba á xente que non era cristián. Unha vez veu a vivir aquí un señor que non era cristián, era budista. Sempre estaba escribindo cousas raras nas paredes e nas aceras.

Un día ía andando Xurxo coa súa escopeta cando se atopou co budista, Naím así se chamaba, que pintaba nas paredes.

Xurxo lle preguntou:

–¿Qué fai vostede dañando as paredes da miña cidade?

–Perdone, pero aquí o único que manda son eu –dixo Naím.

Xurxo sen pensalo nin un segundo disparou, mais, ¿sabedes que pasou?. Seguro que non volo credes. Escoitouse esto:

–¿Que é a tolerancia?, ¿que é o amor?, ¿que son para vós esas cousas tan importantes? –dixo o fusil.

–Non son nada, o máis importante é o diñeiro e a morte –dixo Naím.

–Non, o máis importante é a vida, o diñeiro e as casas con piscinas –dixo Xurxo que era un avaricioso.

–Non o máis importante é a comida –dixo Naím.

Xurxo volveu a disparar.

–Amor, paz, tolerancia, paz e amor entre relixións –dixo esta vez o fusil.

Cando escoitaron eso as persoas se achegaron a ver que pasaba. Todo o mundo poñíase de parte do seu alcalde Xurxo, menos un varredor que estaba de parte de Naím porque o alcalde tirara un envoltorio dun caramelo ó chan.

–¡A ver!, teño un plan. Dividiremos a cidade en dous bandos, o varredor e Naím quedan coa casa que está nas aforas. E nós con toda a cidade. ¿Quen non está de acordo? –dixo Xurxo, o alcalde.

–¡Eu non estou de acordo!, uns intrusos van vivir na miña casa das aforas –dixo unha señora baixiña co pelo peliroxo.

–Señora, non se preocupe lle deixarei vivir na mansión do meu difunto pai que está amoblada –dixo Xurxo.

Todo o mundo empezou a gritar, e Xurxo non tardou en disparar outra vez.

–¡Amor, paz, tolerancia! –volveu a repetir o fusil.

Logo dese disparo todo o mundo foise á súa correspondente casa.

Á mañá seguinte había uns rapaces pelexándose debaixo da ventá de Xurxo. E Xurxo non dubidou en disparar.

–Meu corazón se desangra como unha fonte, porque vós non tedes corazón –dixo o fusil.

Xurxo se asustou. Todo o mundo se riría del porque o seu fusil non disparaba.

–Fusil asqueroso, eres un inútil mira que non saber disparar.–dixo Xurxo.

Despois dun rato na casa das aforas:

–¡Ti durmirás enriba varredor inútil! –dixo Naím.

–¡Non!, porque voume vivir a cidade –dixo o basureiro.

Así que o varredor colleu rumbo á cidade. Cando chegou, unha señora e unha chica foron chamar a Xurxo e informa-lo do que estaba a acontecer. E Xurxo sen pensárselo nen un minuto, acudíu xunto ó varredor.

–¿Que fas na miña cidade?, ¿non te botaran?

–Veño a pedirche perdón, e a ver se podo volver a vivir nesta cidade –dixo o varredor.

–Claro que sí, ti non eres budista, ¿verdade?

–¡Claro que non!, os budistas son uns inútiles.

–¡Oh!, ¡que tontos fomos!, non nos dimos conta do que quería dicir o fusil –dixo o alcalde Xurxo.

–¿Que queria dicir? –preguntou Naím que estaba detrás de toda a multitude.

–Quería dicir que temos que levarnos ben todos –dixo Xurxo.

Dende entón tódolos habitantes da cidade se levaron ben foran da relixión que foran. 88

«Amor, paz, tolerancia, paz e amor entre relixións –dixo esta vez o fusil»

Laura Díaz Núñez é alumna do 6º curso de Primaria do colexio Cruceiro de Canido

Exposicións

Exposición de pintura de ANTONIO FRANCO

Data: 15 de marzo

Exposición fotográfica de SURFRIDER FOUNDATION

Data: 2 de abril



Exposición fotográfica

A mostra xira ó redor dun proxecto de cooperación ó desenvolvemento que distintas ONGs Galegas e Bolivianas levan a cabo na rexión dos YUNGAS con apoio da Xunta de Galicia e máis da Unión Europea.
Data: Do 24 de abril ó 2 de maio



Exposición de pintura de ROQUE FANEGO

Data: Do 3 ó 15 de maio

A arte das flores prensadas

Mostra de **JULIA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**
Data: Do 16 ó 31 de maio

Certame fotográfico de Medio Ambiente

Exposición de 50 fotos seleccionadas do 12° Certame fotográfico de Medio Ambiente organizado polo *ATENEO FERROLÁN*.
Bases na páxina web do ateneo:
www.ateneoferrolan.org
Data: 5 de xuño

Xornadas

Xornadas sobre o fracaso escolar

Datas: Os días 9, 10 e 11 de abril.
Horario: Ás 20 horas no *ATENEO FERROLÁN*
Con participación de pais, profesorado e especialistas.

«De qué falamos cando falamos de fracaso escolar»

Conferencia de Xosé Ramos Rodríguez (Dtor do CFR. Ferrol)
Data: O día 8 de abril

Cursos

Curso de animación á lectura

Ábrese o prazo para inscribirse no curso de Animación á lectura para nenos e nenas de primaria.
Imparte: Charo Monjardín e Mª Xosé Rivas.
Datas: Impartirase os días 6, 13, 20 e 27 de abril.
Horario: 11.30 a 13.30 horas.
Inscripción: Na secretaría do Ateneo.
Prazas limitadas

Poesía

Recital poético

Data: Día 19 de abril.
Horario: Ás 20 horas.

Conferencia

«Situación actual en Angola»

Impartida polo Cónsul do País Angoleño. Organizada en colaboración con GALIZA SOLIDARIA.

Data: Día 25 de abril.
Horario: Ás 8 da tarde.

CINE

Ciclo Cine Negro


- *El tercer hombre*
- *Los sobornados*
- *El halcón maltés*

Datas: Os luns 8, 15, 22 e 29 de abril.
Lugar: Salón de actos.
Horario: As 8 da tarde.





Fotograma do filme *Los sobornados* e cartel promocional do *Halcón Maltés*





Dúas imaxes das películas *El Padre de la novia* e *Pijama para dos*

Ciclo Cine Comedia

- *El padre de la novia*
- *Pijama para dos*

Datas: Os luns 6, 13, 20 e 27 de maio.
Lugar: Salón de actos.
Horario: Ás 8 da tarde

Se queres estar ó día das actividades que estamos a facer, así como de tódo-los servicios de que dispoñemos no *ATENEO*, consulta a nosa páxina Web. Nela atoparás datas concretas e horarios de tódolos actos.

www.ateneoferrolan.org



JUAN FARIAS: UN HOME FLACO E CON ORELLAS

TODO É CAMIÑO... PARA CONTAR ALGO

Por Beatriz Picos

Que te comparen con Gonzalo Torrente Ballester non debe ser nada fácil, aínda que naceras no Concello de Serantes e te adiques á literatura, especialmente se fuches alumno, conferenciante al alimón e sobre todo, amigo persoal, e aínda por riba si a «culpa» de que escribas a ten el.

Juan Farias desprende enerxía cando fala de calquera cousa e volutas de fume –pitillo tras pitillo rubio– cando lle preguntan polos contos que escribe. Non son contos para nenos nin para adultos, son relatos para aprender dende a humildade dun escritor que é candidato a conquerir o premio Hans Christian Andersen deste ano (algo así como o Nobel da literatura infantil).

Para Farias a literatura infantil non existe, e o dí con coñecemento de causa: «...coge a pulgarcito, es una cabronada; es la crónica de una hambruna en Europa en el siglo XIV y trata de un matrimonio que manda a sus hijos a morirse y a esto lo llaman infantil».

«Juaniño, a mí me van a enterrar en Ferrol con gaitas, pero ni Dios sabe qué escribo», díxolle a mellor pluma española do último medio século, a mesma que o animou a escribir cando os quince anos amosoulle un dos primeiros contos: « "Esto es malo, malo, pero sigue, coño, sigue" y yo seguí». O autor utiliza este exemplo compartido, porque na súa terra moitos coñecen o home, pero moi poucos unha obra da que dí que «no busco nada». O dí rotundo, pero un reflexo na súa mirada indica que segue a xogar ó escondite: o amor e a morte (lo demás son zaranjadas) busca respostas ás grandes preguntas e o fai con contos, aínda que sabe que para preguntar «no hace falta ser cura ni banquero, sólo ser persona». «Si supiera porqué me enamoro y porqué me muero, estaría tranquilo, aunque prefiero esta intranquilidad que le quita importancia a muchas cosas como el fracaso, el éxito, o la economía, que me importa un rábano».

Defínese como «mujeriego» porque lle gustan as mozas e tamén os nenos, agora xa os netos, despois dun matrimonio estable que lle deu cinco fillos. Cóntalles contos dos que non se acorda o día seguinte, pero que axudan a facer camiño e a seguir practicando o seu deporte preferido. Antes, tivo que probar outras cousas, como ser mariño mercante, coa consciencia de que «todo es camino, todo vale para poder escribir», especialmente para una home que se define «flaco y con orejas, un bicho raro».

Juan Farias considérase un home con sorte. Era pequeño, no ano 37, cando colleu a meninxite coa súa irmán. Ela non resistíu pero el ten dende entón a sospeita de que «la muerte me perdonó la vida y me quedé para algo, aunque no sé para qué».


Non cre que o perdón vital fose para escribir, entre outras cousas porque cada persona que le os seus relatos os entende de xeito distinto: «Escribo un libro y lo leen tres personas, ninguna de ellas lee el libro que yo escribí».

«Un cuento funciona de acuerdo con el lector, porque no hay libros, hay intérpretes».


Asegura non estar satisfeito dos contos escritos, senón do que vai escribir mañá, unha historia moi estrana dunha muller que viveu fóra de límites e segue amando, aínda que non a aman, e un home vello que ama sen amar. É un reflexo do mundo, dun mundo que está tolo e no que os poderosos adícanse a tirar bombas de douscentos millóns de dólares para pescar a Bin Ladem.

A pesares da loucura, para Juan Farias o mundo é «una moza de la mano playa arriba con la marea baja, charlando o sin charlar», porque este serantino quere bicar a lúa, e penso que xa o conseguíu, aínda que non o queira contar a ninguén.


«Si supiera porqué me enamoro y porqué me muero, estaría tranquilo, aunque prefiero esta intranquilidad que le quita importancia a muchas cosas como el fracaso, el éxito, o la economía, que me importa un rábano»




FINAL DE COPA
140€
230€
400€







CERNUDA
-
POEMAS



INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NA ILLA DO MEDIO, SANTA COMBA, COBAS, FERROL

Por Alberto González Fernández

Ó longo dos meses de outubro e novembro levouse a cabo a primeira intervención arqueolóxica, que con fins científicos e de revalorización do patrimonio arqueolóxico se desenvolveu no Concello de Ferrol.



Concello que, como órgano administrativo, e en concreto a través da Concellalía de Cultura, tomou como propia a iniciativa da Asociación Cultural Columba de Cobas, verdadeira impulsora e «alma mater» da mesma.

A intervención centrouse na execución de dúas catas de sondeo e na limpeza dos derrubes ocasionados polas choivas e temporais nos anos pasados na zona de acceso da chamada «Insua do Medio», na que está a ermida.

A primeira impresión é que se confirma a intuición da A.C. Columba e de moitos veciños de Cobas de que a zona da capela de Santa Comba foi en orixe un asentamento castrexo de tipo península, aínda que a erosión do mar converteu a zona en tres illas apartadas da ribeira.

«A zona da capela de Santa Comba foi en orixe un asentamento castrexo de tipo península»

Aínda é cedo para determinar nas épocas en que esta zona estivo habitada pero nunha primeira hipótese pódese dicir que nas illa houbo xente vivindo desde o século I, se cadra antes, ata ben entrada a Idade Media e de xeito continuado.

Por outra parte, tamén se pode dicir que o xacemento exténdese polas tres illas e parte da ribeira aínda que os límites precisos só se poderán estrablecer con posteriores excavacións.

Resultados


Como xa sinalamos máis arriba, a estas alturas da investigación aínda non se poden definir nin concretar aspectos fundamentais que abranguerán a memoria final dos traballos.

De tódolos xeitos as estructuras atopadas sinalan o xacemento como un asentamento de orixe castrexo no que o traballo metalúrxico, posiblemente vinculado á presencia das cercanas minas de Covarradiras, encontrábase moi presente na vida dos seus habitantes.

Este feito constátase pola presencia de dous fornos de fundición e materiais producto do proceso metalúrxico.

Posteriormente a evolución cronolóxica e cultural do asentamento vén marcada pola presencia romana e a posterior cristianización do espacio, no só coa construcción da ermida, senón tamén pola presencia de estructuras de orixe medieval que poderían corresponderse cun edificio monástico.

Canto os materiais atopados, acháronse cerámicas de diversas épocas e estilos, ósos, cunchas e restos de actividade metalúrxicas.




O Futuro

Desde este momento, fase de estudio, de recepción das analises e de que se poda ir laboriosamente reconstruindo os indicios que nos ofrecen os materiais e extructuras atopadas.

O compromiso da asociación cultural Columba, do Concello de Ferrol, e por suposto do arqueólogo director dos traballos é que esto se divulgue o máximo posible, empezando na parroquia de Cobas, e seguindo en tódolos foros interesados. De feito unha intervención deste tipo sen publicar é un feito aillado e baleiro de significado.

Polo demais é dificil de precisar cales van se-las actuacións futuras no xacemento. A intención é de que que se siga traballando co mesmo espíritu de colaboración entre as distintas administracións como se fixo ata agora. Os beneficios son múltiples, non só culturais e científicos, algo obvio, senón polas posibilidades que se abren para converter a Illa de Santa Comba nun centro de turismo cultural. ⌘



«Converter a Illa de Santa Comba nun centro de turismo cultural»





A VOLTAS COA PLANTA DE GAS

Por Eliseo Zaera Ríos

É impresionante, asoballador, o despregue publicitario en tódolos medios, por activa e por pasiva, é decir, cuñas, anuncios, vídeos, páxinas enteiras de prensa, por activa, e vetos, prohibicións, ata compras de moi diversas formas para silenciar e non dar cancha a quen discrepamos, non da planta de gas en sí, hai que deci-lo ben alto e claro, senón da súa ubicación absolutamente irracional.

- É falso, millor dito, falaz, o argumento da URXENCIA para a planta de gas en MUGARDOS.

- A suposta competencia de XIXÓN para levála se non se apura eiquí, é unha argucia publicitaria máis cara á opinión pública. En XIXÓN aínda non solicitaron ningunha planta de gas e nin tan sequera hai proxecto.

- Os altos costes da publicidade en tódolos medios para conseguir esa sensación de feitos xa alcanzados, sí é unha realidade sospeitosa, lamentable e ofensiva.

- A alternativa de CANELIÑAS, ubicación máis sensata e lóxica dende tódolos puntos de vista, está cada vez máis clara.

- Eso suporá un alto coste, é certo, pero insignificante diante dos apabullantes aforros en tranquilidade, aceptación social e incluso aforros económicos pola millora na operativa do proceso de explotación.

«A Alternativa de CANELIÑAS, ubicación máis sensata e lóxica dende tódolos puntos de vista, está cada vez máis clara»



Xoves, 28-02-02: botadura da segunda fragata F100 presidida polo Rei Xoan Carlos. Pancarta de expresión pacífica, alerta e oposición contundente á ubicación da planta de gas de Mugardos, silenciada por tódolos medios de comunicación.





Día 1-03-02: unha das novas fragatas F-100 regresa das probas de mar... Ó fondo están as instalacións de Forestal e a explanada onde pretenden situar a planta de gas (tremenda locura).

- ¿Por qué Reganosa e os seus defensores nunca rexeitaron a idoneidade da ubicación da Planta en CANELIÑAS?

- ¿Por qué Reganosa tenta eludir a esixible avaliación de impacto ambiental e pretende suplí-lo, en connivencia coa XUNTA DE GALICIA, cun informe de efectos ambientais?. Que o expliquen.

- UN PRONÓSTICO: Reganosa, a Xunta de Galicia e o PP, algúns dos seus membros moi especialmente, apostaron forte pola ubicación en MUGARDOS, o seu Alcalde tamén, así como algún significado representante do PSOE e incluso do BNG, pois ben, si finalmente triunfa o sentido común, como estou seguro e convencido, e a planta de gas se sitúa no exterior da ría, en CANELIÑAS, non haberá máis saída para todos eles que a retirada das súas representacións políticas e cívicas. Quedan emprazados.

Non se frea nin se entorpece un desenrolo dunha importante área europea, un suministro enerxético para moitas industrias necesarias por mor duns poucos kilómetros (menos de 10) na ubicación dunha planta que nunca rexeitamos. ⌘

«Si finalmente triunfa o sentido común e a planta de gas se sitúa no exterior da ría, non haberá máis saída para todos eles que a retirada. Quedan emprazados»



Mostra de maquetas da ría de Ferrol presentadas ó concurso convocado polo comité cidadán de emerxencia. En ningunha das quince maquetas presentadas aparece a pretendida planta de Mugardos.



A POSIBLE ORIXE DA TERRA DE TRASANCOS

Por Andrés Pena

O día 15 de outubro de 2001, comprobando certas observacións que lle tiña feito o erudito polígrafo e coñecedor do lugar, comandante Don José Hermida[1] a propósito dunhas estructuras que se estaban derrubando pola erosión mariña, o autor destes papeis, arqueólogo do Concello de Narón, preto do santuario de Santa Comba, Covas, Ferrol, localizou polo seu brillo rechamante o que resultou ser unha lousiña circular do tamaño e da forma duna fusaiola duns 4 centímetros de diámetro. A lousiña, cun furado pequeniño no centro, contiña no seu anverso, escrito en carácteres latinos datables posiblemente a finais do século I d. C. un breve, pero significativo e importantísimo, epígrafe votivo dedicado, nada máis e nada menos, que a tan discutida *deusa* Reva. Apareceu illado entre os restos de pedras e area desprendidos, nun dos derrubes mencionados que polos efectos da erosión mariña quedaran ao descuberto non lonxe da escalinata que baixa da costa á praia onde están o mencionado santuario da Insua do Medio e a barca de Santa Comba.



«A lousiña, cun rado pequeniño no centro, contiña no seu anverso un epígrafe votivo dedicado a tan discutida *deusa* Reva»

As inscricións galegas, das nove completas que nos chegaron de Reva, son tres, todas atopadas na provincia de Ourense. Esta cuarta inscrición, sería a máis setentrional de todas, constituído logo un indicativo da xeral extensión do culto a esta divinidade na *Gallaecia*.

O texto epigráfico segundo a nosa lectura[2] di:

REBE TRASANCI AVG[VST]E

Quizá pola natureza atípica do propio soporte, do que ignoramos a función, en contra do que conviría a un epígrafe votivo, salientamos nesta peza a carencia do nome do dedicante, así como tamén botamos en falta a cláusula votiva do tipo *EX VOTO* ou *V.S.L.M.* Referido a Reva, aínda nos parece máis reseñable, o feito da aparición do complemento nominal *TRASANCI*, termo como se sabe epónimo da nosa bisbarra, documentado por primeira vez na *Divisio Teodomiri* feita no *Concilium Lucensis anno 569*[3], que aparece aquí nun significativo xenitivo de singular "para Reva de Trasanco" cando poderíamos esperar, como conviría ao coñecido *trebónimo* ou etnónimo desta bisbarra, o complemento nominal en plural: "de Trasancos" *TRASANCORUM*.

Esta cuarta inscrición galega de Reva, si a lectio é correcta sitúanos diante dunha divindade aparentemente asociada a un antropónimo e posible fundador epónimo do castro e da Terra de Trasancos, a través dun xenitivo de *possesor*, obrigándonos a retomar ou polo menos poñer en cuestión anteriores hipóteses (Pena 1991 p.71) e dándonos unha "proba real" da posible orixe da nosa bisbarra.

En 1991 pensabamos:

"Segundo [Luís] Monteagudo [García] o mesmo nome de Trasancos que a etimoloxía popular fai derivar de Trasancos "tralo monte de Ancos", significa probablemente "os que queiman (terreos para decruar), agricultores, do antigo ae. *trs-anc-os do indoeuropeo **ters* que equivale a secar, torrar, queimar (en latín *Torreo, es, erre, tostum*) e en antigo irlandés ai. *Tart "sede"*. Recordemos que o nome de San Martiño de Xuvia era Tartares, unha reduplicación de **ters* segundo Pokorny..

E relacionabamos este aserto co feito de que ao falar de Tartesos os historiógrafos da antigüidade referían que o mar retrocedera no litoral gaditano por mor das rozas que facían os agricultores cegando os portos e obrigando á poboación a trasladarse ás illas (Pena 71-72), ao tempo que estableciamos un paralelismo có a veciña Terra ou Bisbarra de Labacengos que sería debedora dos seus recursos mineiros de cobre:

"Se a *civitas/populus* de *Trs-ancos non se menciona nas fontes, os seus veciños os Lapatia[n]cos foron dabondo coñecidos [por estas] porque na sua *civitas/populus* era onde estaban as minas de cobre, toman o seu nome probablemente (L. Monteagudo) da actividade a que se dedican: os que pastan e alimentan vacas, gandeiros de gandería maior probablemente non sexa un nome celta senón antigo europeo polo -p- intervocálico: *Lap* vaca (Pok.654) máis indoeuropeo **Pat/Pat* "alimentar", "Pacer" como en Latín * *Pasco, ere, pastum*, ou no inglés *food* (Pok 787).

Tempo despois estableceron L. Monteagudo, J. Unterman, e B. Arnold - B. Gibson et alii. que moitos destes nomes das trebas, ou territorios políticos autónomos celtas, que os romanos chamaron indistintamente *civitates/populi*, proviñan ou derivaban posiblemente, como nunha amable comunicación persoal[4] me tiña comunicado Untermann, dun fundador epónimo:

[...] *no es desviado supor que una parte de los etnónimos del Noroeste no es otra cosa que el plural de un antropónimo.* [...] *un grupo de personas simplemente se denomina a sí mismo (o fueron denominados por sus vecinos) mediante el nombre de una persona prominente –el padere fundador o el jefe durante una época de particular importancia* [...] (J. Untermann 1992, pp. 370-374).

Esto sería posiblemente o que puido pasar co epígrafe que nos ocupa procedente do castro de santa Comba, Covas, Ferrol, que podería tomar o seu nome a finais do século primeiro dun *possesor* que quizá tiña un nome latino (de orixe etrusco) ***Trasancus-i*** "Trasanco", sen que isto queira dicir, a modo dos nosos Jonathanes e as nosas Jessicas e Vanessas, que fora etrusco quen levaba este nome.

E outro tanto sucedería, seguramente, coas terras de Labacengos (Monteagudo) e de Arrós (Untermann). Así, de ser certa a nova tese de Luís Monteagudo, segundo se desprende da súa rectificación do aserto anterior.

Si o dito ata agora vai encamiñado, este pequeno texto epigráfico de tres verbas indicativo da importancia do castro e do *posessor* de Santa Comba daría testemuña tamén, sen dúbida, da persistencia no tempo e na memoria non só do nome da bisbarra "Trasancos" ata ben entrada a Idade Moderna, senón tamén do amplo alcance dunha lenda fundacional dunha liñaxe –semellante ao relatorio de Virgilio no libro VII da Eneida da chegada do heroe Eneas ás costas euboicas de Cumas– que o Conde de Barcelos inserta no seu Nobiliario no século XIV.




Segundo esta lenda os condes de Trava e Trastámara descenderían dun mítico conde de estirpe goda que viña con baixes e galeras dende Roma para ser rei de Galicia. Este conde don Mendo de estirpe goda, provinte de Roma e con pretensións reais, si aplicamos as teorías inmobilistas (C.Hawkes), constituiría có precedente do *Trasancus* fundador epónimo da bisbarra unha mítica transposición fundacional (tipo Maxem) do melusino tema clásico e recorrinte da liñaxe fundadora que arribaría ao Prior, Covas, liñaxe destinada mil anos despois, no s. XII, a rexer o destinos de Galicia e aínda de toda a Península Ibérica. Este tema foi estudiado por Fernando Alonso Romero. Este autor recolle un relato –que presenta certos paralelismos coa mítica chegada por mar ao cabo Piorno (Prior) e á Terra de Trazentos (Trasancos), do mencionado conde Don Mendo que viña a Galicia coidando ser rei e cantas naves e baixes traía quebraron todos no cabo Prior salvándose o conde con cinco cabaleiros dando orixe ás liñaxes dos

«Os condes de Trava e Trastámara descenderían dun mítico conde de estirpe goda que viña dende Roma para ser rei de Galicia»



Froilaz e dos Andrade entre outros–: <<o relato da viaxe da embarcación de Vicorra (Immram Curaig Va corra) fala <<dunha embarcación de coiro, construída con tonas de pelexos superpostas, que levaba unha tripulación de nove homes a saber: un bispo, un párroco, un dean, o carpinteiro que construíu o barco, un xograr, un criado e uns monxes. Esta tripulación iniciou a súa singradura en inverno e sen rumbo fixo, permitindo que o vento os levase onde Deus quixera>>. Ao Cabo de varios días de navegación o curragh (barco de coiro) chegou a un lugar nomeado <<punta de España>>, onde atoparon uns pescadores que os conduciron ata a costa. Preto do lugar onde o bispo desembarcou decidiron construír unha igrexa a fama da cal chegou a Roma. Ao cabo duns anos o bispo foi convidado polo Papa a ir a Roma, e o lugar ficou nas mans dos monxes mozos e do deán. Segundo di o relato, a fama da igrexa continuará ata o Xuízo final (Whithey Stokes, The voyage of the Vi Corra, relato núm. 75, Revue Celtique XIV, 22). *Ex* Fernando Alonso Romero[5].



É posible que ligado aos camiños de peregrinacións das ánimas ao alén en barcos de pedra, camiño que debuxaría demoradamente Cornide no S.XVIII, esa insúa, antes unida á costa, tivese no pasado pagán un santuario dedicado a unha divindade feminina e a outra masculina, unha divindade relacionada non so con aspectos psicopompos senón tamén coa maxia, quizá a unha deusa nai co seu fillo, esto confirmaría a asociación de Reva coa Macha o Maga, santuario substituído no presente cristián, pola igrexa co seu cemiterio, que aínda o era parroquial nos séculos centrais da Idade Media, baixo a advocación de Santa Comba e do seu fillo San Silvestre, ámbolos dous patróns das meigas. De Santa Comba cóntase que Deus lle dixo: "Meiga serás pero enmeigar non enmeigarás", e na noite de San Silvestre andan as bruxas con meigallos e aquelarres. A mesma capela servía como detector de meigas, pois si tralo *item misa est* o crego en vez de cerrar o misal o deixaba aberto, non funcionaba o *licet ire ex templo* coas meigas que se quedaban sentadas, atrapadas nos bancos da igrexa, sen forzas e sen poder erguerse.

En ese sentido Santa Comba podería ser a sucesora no presente cristián da deusa Reva do pasado pagán que en outro lugar asociaramos coa Macha galaico-irlandesa seguindo a Blanca Albalat (1990: 317): *Dumezill ha analizado la Trifuncionalidad en las leyendas de Macha que representan respectivamente a una vidente, a una guerrera y a una campesina madre* e a Dumezill, diximos entón [a propósito de] "Reve tre[barune] = Reva Nai do Estado [...]. A inscrición lusitana parece amosar isto exactamente. Reva como deidade celta é unha e multiforme –idea que quizá poidamos comprender ao conservarmos residualmente en occidente unha tríade na trindade cristián– á vez. Se a miña (Pena) interpretación é correcta podémola ver [na inscrición de Cabeço das Fraguas] no aspecto augural (vate, vidente) sobre o espacio físico do altar da Treba (como o sangue e corpo de Cristo [si é tolerable] están no pan e o viño na eucaristía) como Trebopala, Croio do Teuta ou Toudopala que non ten por que ser exclusivamente un altar de pedra, unha rocha con pías sacrificiais e canles que conducen o sangue das víctimas (*hostiae*) [...] O altar do Treba permite ao vate coñecelos designios da divindade a través do sacrificio da ovella [...]" (Pena, Anuario Brigantino para 1994 nº 17 pp 51-52).

Polo que á *REVE* que aparece na lousiña de Santa Comba se refire, lembremos que Blanca García, no seu estudio *Guerra y Religión en la Gallaecia y la Lusitania Antiguas*[6], danos nove inscricións completas nas que figura a verba *REVE*, sempre escrita desta maneira: "*PEREGRINV / APRI F. REVE / EIS VTO*" (Mosteiro de Riveira, A Limia, provincia de Ourense)[7], "*OILAM. TREBOPALA. / INDI. PORCOM. LAEBO. / COMAIAN. ICCONA. LOIM / INNA. OILAM. VSEAM. / TREBARVNE. INDI. TAVROM / IFADEM [...] / REVE. TRE[...]*" (Cabeço das Fráguas-Pousafoles, Beira Baixa –Distrito de Guarda– Portugal)[8], "*REVE / VEI F(?) A.V.S.*" (procedente de Medelim-Beira Baixa, Distrito de Castelo Branco, Portugal)[9], "*REVVEANA / BARAECO* (ou *REVVE ANABARAECO?*) *AFER. ALBINI /*

«Santa Comba podería ser a sucesora no presente cristián da deusa Reva do pasado pagán»



F. TVROLVS / V.S. L. M." (Robledillo de Trujillo, provincia de Cáceres, ou Ruanes, Galicia)[10], "*RECTUS / RUFI.F / REVE / LANGA / NIDAEI / GUI. V.S.*" (preto de Medelim, Concelho de Idanha-a-Nova- Beira Baixa, distrito de Castelo Branco, Portugal-)[11], "*D(ea) REVE / LARAUCO / VALE (nus) APER EX / VOTO*" (encóntrase no atrio da capela da Asunción en Baltar, provincia de Ourense, pero ao parecer procede do próximo castro de Outeiro, Santantauiño, Baltar, provincia de Ourense)[12], "*REVVE REVMIRA / GO FRONT(e) VAVCANI F. V. L. M. S.*" (Florderrei Velho, Vilardevós, Ourense –actualmente encóntrase na hermida de San Roque, Vilardevós, como soporte para a mesa do altar maior– Galiza)[13].

A priori, puidera discutirse sobre si *Reve* representa no noso texto a unha deusa ou a un deus. Certo é que en principio os adxectivos que acompañan a dito nome noutras inscricións, como nolo sinala o profesor Moralejo Álvarez, parecen indicar que se trata sen discusión dun masculino[14]. Non obstante, a terminación que leva esta deidade no escrito de Cabeço das Fráguas, como nolo advirte sen decidirse por unha ou outra solución o profesor Losada Badía, non garante que a voz sexa aquí masculina ou feminina. Os adxectivos que ao parecer a cualifican noutros casos, di el, terían por contraste facilitado a labor de ternos chegado en nominativo, máis ao non ser así, pois cáseque sen lugar a dúbidas van en dativo tal e como corresponde ás ofrendas, sempre queda cando menos unha hesitación sobre cal sexa o xénero, ou en todo caso o sexo, tanto máis canto que o noso saber verbo das desinencias flexionais lusitanas é aínda limitadísimo, ignorándose mesmo, por exemplo, si un paradigma para masculinos podía incluír casos illados femininos, tal e como á inversa pasa en latín coa primeira declinación (*nauta*, etc.). Comparativamente, podemos preguntarnos por exemplo qué explicación daríamos sobre o xénero da voz latina *Venus* e sobre o sexo desta deusa si non tivésemos un coñecemento abondo claro do latín[15], pois en efecto Venus é, aceptando o que hoxe se pensa sobre a súa etimoloxía, un antigo neutro en -os / -es, do tipo *onus, opus*, etc., que perdeu o seu xénero orixinal, cando o concepto que este vocablo deseñaba se personificou ou divinizou para traducir ao *Aphroditê* grego, como *cupido* se masculinizou para dotar a *Venus* dun fillo correspondente a Éros.[16]

Agora ben, para saber si no noso escrito e feminina a voz *REVE* dispomos asemade do con-

DO CONDE DOM MENDO.

E DOS, QUE DEL

decenderom.

Ta, 9 s. 1 — 1 O Conde Dom Mendo veyo de terra de Roma, e era do linhage dos Godos, e veyo a Galiza cuydando a ser Rey, com gram Companha de Cavalleyros, e de outras gentes, que trouxe por mar: e aquecceo assi a ventura, que quantas naos, bazeis, e galès trazia, quebrarom todas no mar, no cabo do Piorno, e em Trazentos, e aportarom com el cinco Cavalleyros, e nom mais; e de hũ desses vierom os de Trazentos; e de outro os Marinhos; e de outro os de Ambra; e de outro os Beltranes de Neudos; e de outro os de Andrada de Braga.

Este Conde Dom Mendo rouzou Dona Ioana Romaẽs filha do Conde Dom Romaõ, *fol.* 2. *nu.* 8. irmaõ del Rey Dom Afonso o Casto, e cazou com esta Dona, e fez em ella.

MENENDIS — 2 O Conde Dom Frojaz Menendes *n.* 2. foy cazado com a Condessa Dom Grixevera filha


do

texto no que dito termo aparece, e foi precisamente en parte tendo en conta este principio como Blanca García Fernández Albalat optou, na súa citada obra, pola natureza feminina da divindade representada con esta voz, coincidindo así aquí esta deidade en canto ao sexo con outras deidades que aparecen en Cabeço das Fráguas. Engadirei que *REVE*, como o expón José María Blázquez no seu Diccionario de las Religiones Prerromanas[17] (sub vocabulo *Reuue Anabaraeco*), podería incluso ser unha simple forma non flexionada, isto é nin masculina nin feminina, unha especie de epíteto temático, tralo que viría logo, complementándose o teónimo, o alcume ou apelativo que no noso texto perderíase. En realidade, quizá con esta voz que nos ocupa ocorra en parte igual que no galego cós vocablos masculino e feminino *deus* e *deusa*, os cales poden funcionar como adxectivo ou como substantivo, deseñando nun e noutro caso á divindade. *REVE* cualificaría pois na inscrición de Cabeço das Fráguas a un ser divino, probablemente a unha deusa cun nome agachado que sería TR[...].

Si en xeral referíndose a *REVE*, se evita chamarlle deus ou deusa, si, por por un exemplo, tanto Antonio Tovar como José María Blázquez falan máis ben prudentemente dunha "divindade", observaremos que cando se cita a verba adoita dicirse *REVA*, forma non documentada, poñéndoa pois expresamente en nominativo singular feminino e dándoa por conseguinte como deusa. Así Tovar, quen xa na súa publicación francesa *L'Inscription du Cabeço das Fráguas et la langue des Lusitaniens*[18] daba a *Reve* como deusa ("un étalon pour *Reva*"[19] din Tovar), volta á carga no seu citado artigo Las Inscripciones de Cabeço das Fráguas: tras de indicarnos que "*Reua* es conocida en

«*REVE* cualificaría pois na inscrición de Cabeço das Fráguas a un ser divino, probablemente a unha deusa»





Lusitania [...] y hasta los confines septentrionales de la *Callaecia Bracarensis*, [...] [lo cual] habla a favor de la existencia, entre los indoeuropeos hispánicos, de divinidades femeninas de verdadero relieve mítico" (p. 243), e tras dicirnos que se inclina "a creer que el nombre Reua está en relación con un apelativo en el derivado adjetival *Reuueana* y en el compuesto *Reuelanga*" sinala que "la derivación de *Reuueana* sobre *Reua* se explica facilmente si observamos las formaciones con el mismo sufijo tales como *Abana*, *Auana*, *Carianus*, *Longanus*, etc," e que "*Reua*, nombre de diosa, es también un apelativo (de etimología clara) [á paréntese é de Tovar] que significa `llanura´ ", engadindo por fin que "parece inaceptable ver (con Schmoll, *Sprachen* 2959, 34) en *Reue* un dativo masculino **Reiuôi* ". José María Blazquez pola súa parte, falándonos dun altar no que se achou escrito *PEREGRINV APRI-FREVE EIS VOTO*, dí textualmente que *Reve* é unha deusa: "El altar ha sido hallado en Mosteiro da Riveira. *Reva* (*Reve*, dativo vulgar por *Revae)* [a paréntese pertence á Blázquez] es seguramente una personificación divinizada de *Diva*. Consecuentemente, el altar está dedicado a una divinidad acuática, personificación del agua corriente, exactamente como la diosa *Nabia*,"[20] pecharemos axiña as testemuñas que non sería dificil alongar, non sin citar unha breve pasaxe de López-Cuevillas, quen falabanos xa de *Reva* como deusa, citando á súa vez ao Padre Fita quen ao parecer xa fixera o propio: "*Reva*. – Se señala su aparición en el Monasterio de Ribeira, en la Limia. El P. Fita al publicar el epígrafe en que se encuentra el nombre de esta diosa indicó la posibilidad de que fuese el numen de un riachuelo que pasa cerca del lugar del hallazgo. Abundan las divinidades de nombre análogo."[21]

«El altar ha sido hallado en Mosteiro da Riveira. Está dedicado a una divinidad acuática»

De ser correcta a lectura do epígrafe ***REVE TRASANCI AUG[VST]E*** en cuestión, nos podería encamiñar en esta dirección, esto é o de considerar a Reva nome de deusa, o propio contexto, esto é, o feito da existencia dun santuario dedicado a Santa Comba ainda que compartido polo seu fillo San Silvestre, no caso, posible, de que se dera a circunstancia, postulada polo papa San Gregorio Magno, dunha continuidade de culto no mesmo lugar.



NOTAS:

(1) Mecenas ferrolán a quen debemos caladas accións conservacionistas de Santa Catalina de Montefaro (e xunto ao que subscribe a transcripción con cada reemplazo na revista "el artilleiro" dun documento en pergamiño da colección do mencionado mosteiro de Santa Catalina de Montefaro. Aos seus cuidados debemos a boa conservación do Castelo de San Felipe.

(2) Luis Monteagudo García y Andrés Pena.

(3) Mal chamado "Parroquial Suevo" por Pierre David, feito criticado por Gonzalo Martínez Díaz (Pena 1991, pp. 144) quen o acusa de facer unha 'transposición apriorística sen ningún apoio documental do réxime parroquial franco-italiano á Península Ibérica' non é unha división parroquial de Galicia da segunda metade do século IV vomo demostra M. Rubén García Álvarez senón unha lista de territorios de cada Sé.

(4) Aceptando en 1995 o esencial do meu razonamento, esto é que as inscripcións lusitanas de Cabeço das Fraguas e de Lamas de Moledo son serodias e están infiltradas do latín (Untermann 1997 Monumenta Linguarum Hispanicarum IV, pp.725, me advertía sobre a orixe das trebas "le agradezco el envio de su separata sobre *O territorio...* y le ruego de comprender que no me siento capaz de aceptar sus hipótesis sobre *Treba*, etc.: le aconsejo leer las páginas 370-374 de mi contribución a las actas del encontro homenaxe a F. Bouza Brey" (carta de 10. 12. 1995).

(5) Fernando Alonso Romero *Revista da Irmandade Céltiga ITH*, nº 3, p.19.

(6) Blanca García 1990, 311 e ss.

(7) "En la lectura de esta ara han surgido discusiones que aún no han concluído. El problema radica en la tercera linea en la que unos autores ven la fórmula votiva - mal escrita- mientras que otros consideran que es un epíteto de *Reua*" Holder, Alfred: *Alt Celtischer Sprachschatz*, II 122; Druck und Verlag von B. G. Teubner, Leipzig 1904 citado por Blanca García 1990, p.311.

(8) "La primera noticia de esta inscripción fue dada por el párroco de Pousafoles do Bispo Francisco Xavier de Távora, quien la recoge en Memorias Parroquiais do século XVIII. Sin embargo su curiosidad no le lleva a transcribirla. (Blanca García, ibi. p.311)".

(9) José Manuel García 1984, nº 12, pp. 67-68.

(10) Véxase *Guerra y Religión....*, p. 312, de Blanca García Fernández-Albalat.

(11) Véxase *Guerra y Religión....*, p. 312, de Blanca García Fernández-Albalat.

(12) Véxase *Guerra y Religión....*, p. 312, de Blanca García Fernández-Albalat.

(13) Véxase *Guerra y Religión....*, p. 312, de Blanca García Fernández-Albalat.

(14) "Reve es un dios, género y sexo masculinos, a juzgar sin error ni controversia por la repetición constante y única de epítetos adjetivos inequívocamente masculinos que lo acompañan, nunca femeninos o de forma común a ambos géneros. Hablar de *Reva*, nominativo singular femenino, es excesivo e incorrecto: no está claro qué forma de caso nominativo *masculino* podemos deducir del dativo documentado. La presunción etimológica ya es otra cosa, suponiendo que la etimología sea información fiable sobre esencia, atributos, funciones... del dios." (amable comunicación epistolar).

(15) Exemplo suxerido polo celtólogo Georges Pinault (Goulven Pennaod), coautor con Paul-Marie Duval do máis amplo estudio sobre o Calendario de Coligny (*Recueil des Inscriptions Gauloises*, vol.III: *Les Calendriers*, Éditions du CNRS, Paris 1986).

(16) Véxase Alfred Ernout e Antoine Meillet: *Dictionaire Étymologique de la Langue Latine*, sub vocabulo *uenus*; Éditions Klincsieck, Paris 1985.

(17) José María Blázquez. *Diccionario de las Religiones Prerromanas de Hispania*, sub vocabulo *Reuue Anabaraeco*; Ediciones Istmo, Madrid 1975.


(18) *Études Celtiques* 1966 / 1967: 1, 2.

(19) Véxase La Inscripcción de Cabeço das Fráguas, p. 245 e nota 77.

(20) *Imagen y Mito* 1977, p. 316.

(21) Florentino López Cuevillas 1989 (1ª edición 1953), p. 295.

Andrés Pena Graña é arqueólogo do concello de Narón



UNHA DE VALORES

Por Juan Torrente

Mirando un programa de televisión desas cadeas «basura» que temos neste país, *de cuyos nombres no quiero acordarme*, –que diría quen xa saben– lévome a ingrata sorpresa de que todas as artimañas que no seu día me atrevín a emplear para conseguir unha noiva carecen do máis mínimo valor: explícome.

Quen suscribe, na súa humildade, poñíase as súas mellores galas, afeitábase... en fin, acicalábase porque chegaba a fin de semana e trataba de impresionar a algunha rapaza, con bos modais, vocabulario, unha copita se se terciaba, etc. Coa intención de botarse noiva.

Respondonas unhas, indiferentes outras, condescendentes a maioría das veces, sorteabase a vivencia de amar e ser amado como boamente se podía. ¡Que erro señores!. ¡Pero si a televisión ofrécenos programas de cómo ligar por internet!. ¡Incultos os mortais que nos botamos noiva á antiga usanza!

Lembro que a quen hoxe é a miña dona, do que síntome tremendamente orgulloso, recollíana na súa casa, e citábamonos nalgún lugar ou simplemente lle dicía con voz tremorosa «...con que te quera, punto». Hoxe en día, esa bonita frase transfórmase nunha pantalla, un ratón, un teclado... e dícese «quérote punto com...» e todos tan tranquilos.

Nos meus tempos mozos, ou sexa, onte, «chatear» era irse de viños cos amigos ou a parella; hoxe, é darlle a un botón e escribir cousa no ordenador esperando que alguén conteste, e «ligar» supoñía, case sempre, recibir algún que outro piropillo malsonante por pasarme de listo: ate esto último resultaba simpático porque non había mala intención.

Hoxe para ligar o que está de moda é irse ó CIBER e, por exemplo, abrir o directorio o como queira que se chame «¿buscas ciber-noiva?» e pulsar «arquivo-abrir» ...¡qué ilusión, non teño palabras para explicar o que sinto!. ¡Ah!, ¡pero teño un teclado!, ¡torpe de mín, non estou ó día!

Veñen á miña memoria as miñas primeiras veces con esa rapaza que me gustaba: inquietude, suor de mans, gañas de agradar... a sensación desa presencia física fronte a min deixábame a mente en branco e buscaba calquer aliciente que lle agradase –supoño como fixemos a maioría– para non defrauda-la e que volvésemos a ter outra cita. Todas esas «artimañas» eran as que mantiñan viva a ilusión de ter parella e fomentar as bases de calquer relación: armonía, comprensión, apoio e diálogo, diálogo de verdade, bis a bis, roces de pernas, collerse da mán, percebir olores do ser querido... amor, en definitiva.

¿Dónde están aqueles momentos nos que, por manter discretamente unha relación só falabamos con miradas de complicidade?. Non creo que internet nin os programas «basura» da caixa tonta nos ensinen o valor de amar e ser amado con todas as dificultades e os bós momentos que conlevan unha relación de parella fronte a fronte.

«Non creo que Internet nin os programas *basura* da caixa tonta nos ensinen o valor de amar e ser amado»

Conclusión


Sexan felices mais teñan coidado porque cando menos o esperen, a súa filla-fillo vailles a presentar á súa parella a través de internet. E se non teñen ordenador en casa para poder coñecela... sempre lles quedará a caixa tonta con programas como o de «Ana Rosa Quintana», ou «El diario de Patricia», etc. E incluso poden acudir ó Ciber do pobo.

Algún día publicarán algo así como «...manual de internauta para facer o ciber-amor».

Seguro que nin punto de comparación coa forma tradicional.



Argallarei
tódalas formas
posibles e non posibles
para
cortar cun fío de coitelo
-coma un anaco de mar-
aquela noite
e
levala mollada nos beizos.
Así
Cando me encontres
Saberás
Que a chave para
Recuperala
É
Tan só
Un bo
Bico.



Ojos
De César Abella Vázquez

As mans
Do labrego
Son negras por dentro.
A terra non é boa de sair.

As mans do labrego
Teñen regos
Por fóra.

A sombra
Do outono eterno
Trala cancela
Do seu medio ferrado
De terra.

As patacas de Ofelia

As vacas de Manolo Crespo deixaban polo
Carreiro eses bos cagallóns que tanto fan medrar
Tódalas patacas da parroquia. Cando eramos
Máis cativos xogabamos a non pisalas coas
Rodas das bicis, e cavilabamos novas liortas cos
Seus complexos traslados.
Agora sorpréndeme que a máis antiga das
Armas químicas dea comida a tantísima xente,
Da aldea claro, e da cidade. Estes últimos
Cosmopolitas tecnólogos, seguro que se o
Soubesen cando toman os cachelos neses
Restaurantes tan caros, trocábannos por fibra
Sintética, que non engorda.
En setembro inda vamos recollelas na casa da
Avoa Ofelia. Xúntase a familia e os veciños da
Aldea para axudar. E nun día, convértese o
Feitizo da terra. As patacas caladiñas van indo
Dos regos ós sacos e así como un parto múltiple
De felicidade a avoa ós seus oitenta longos anos
Adícalle unha sonrisa ó traballo de tódolos
Meses.
Na última recolleita iba Machín co arado
Rezándolle ós santos e Pepe dicía:
"Carallo, señora Ofelia, aquí temos
patacas para tódala parroquia.
Segmeghante cousa vin".

Esto meus non o busquedes en internet.



César Abella Vázquez

Uns constrúen a esperanza e outros comen o ferro de poder

Branca ausencia do teu corpo é o que necesito.
No espacio estamos
E polo tempo caminamos obrigatoriamente
Cara diante e cara atrás.

Necesitamos xente san humanamente,
Filósofos da vida sen máscaras,
Ramallazos de esperanza e rebelión sincera
Para atopa-la nosa posición correcta.

Afastar: os empresarios da palabra
que viven para eles
Collerémo-la liberdade no lombo
e ensinarémo-la a todos os que non entenden o seu significado.
Remedios caseiros para acabar coa política esperpéntica
da Iberia que se declara aberta e actual,
progresista e liberal.
Capitalismo é a palabra destes tempos,
xustamente capital e non humanidade. Servidume.
Flores que se abren cando sae o sol. Alimento.

Os xiraxois son corazóns
e non dólares férricos
que matan o librepensamento, a cultura e as árbores
de incienso, e os meniños pequenos,
e os peixes
que din que non teñen sentimentos
e con moitos cans vagabundos,...
e con todo o que te imaxinas nestes momentos.

Rubén Artabe



Lembranza a Luis Cernuda na conmemoración do centenario do seu nacemento (Sevilla 1902 – México 1963)

No decía palabras,
acercaba ta sólo un cuerpo interrogante,
porque ignoraba que el deseo es una pregunta
cuya respuesta no existe,
una hoja cuya rama no existe,
un mundo cuyo cielo no existe.

La angustia se abre paso entre los huesos,
remonta por las venas
hasta abrirse en la piel,
surtidores de sueño
hechos carne en interrogación vuelta a las nubes.

Un roce al paso,
una mirada fugaz entre las sombras,
bastan para que el cuerpo se abra en dos,
ávido de recibir en sí mismo
otro cuerpo que sueñe;
mitad y mitad, sueño y sueño, carne y carne;
iguales en figura, iguales en amor, iguales en deseo.

Aunque sólo sea una esperanza,
Porque el deseo es pregunta cuya respuesta nadie sabe.


De *Los placeres prohibidos*

O andamiaxe vaise desmoronando
sen apenas darnos conta,
vai caíndo peza a peza
como aquiles "mecanos" da nenez.

¿Agora donde foron os xoguetes,
como os mares-espello,
as locomotoras fungando
pasillo adiante,
e os aereoplanos para viaxar futuro?

O andamiaxe vaise rompendo,
e de cando en vez
as magoas escorren sen entender
a angustia de mirarse morrer,
de mirar que o pasado apenas
foi unha fogueira de paus queimados
e de fumo polas costas do espiritu.

¿Por qué veñen rachar o sono
istes estados caóticos
que atenazan a fascinación pola vida?
Pero xa fai moitas décadas
que me sinto doente de tempo.



Non mires ca mirada ausente
as cepas florescentes nas bancadas da memoria,
como unha imaxe
permanente de historia.

Fura nos recantos da imaxinación,
e percorre os zumes dourados de beldade
no cristal verde-folla
da ledicia transparente que os acolle.

Brinda co aroma ácedo no paladar
os anceios imperecedeiros
de amores e queixumes
polos ancestros da terra.

Desdebuxa os sentidos,
e rube lixeiro polos sendeiros da lúa
ata o esquecemento do embruxo.

As Cíes

Irmás da brétema de seda,
do sol e da noite, illas da belleza.

Acougo de maruxías e de amores
na vixilancia acolledora da nosa terra.

Só a milagre da perfección
fixo posible a vosa permanencia.



Ai, quen poidera parafusar
teus soños, os soños do vento,
quen poidera moer
a fariña do desleixo
e aventala nas cumes
mais outas do ceo.

¿Existe o que coñece
o sendeiro que leva
mais aló do sentimento?

Dime ti, si é que o sabes,
e desfai o misterio diste andar
camiñando pola mar adiante
ate morrer sen medo.

Mª Carmen Kruckenberg

O CANCIONEIRO DE TRADICIÓN ORAL GALEGO

OS CANTOS DE BERCE DE TRADICIÓN ORAL

Por Manuel Rico Verea

Galicia é sen dúbida un país moi rico na súa creación lírica de tradición oral que foi a base para que moitos poetas publicaran cantares que recollían a seiva do canto tradicional.

O descubrimento intelectual do cancioneiro está asociado ó proceso de recuperación da personalidade de Galicia. Foi frei Martín Sarmiento (1695-1772), intelectual que este ano é homenaxeado no Día das Letras Galegas, un dos primeiros letrados en amosa-lo interese pola literatura tradicional como medio pedagóxico para o estudio do idioma propio de Galicia.

Un século máis tarde será Rosalía de Castro quen asumirá un papel decisivo no rexurdimento de toda a literatura de tradición oral.

Poucos anos despois, Xosé Pérez Ballesteros (1885) publica a primeira colección de cantares do pobo. Este e outros cancioneiros, que se foron publicando ata a actualidade, configuran un valiosísimo documento que nos mostra a vida psíquica e material de Galicia.

Tematicamente calquera asunto do contorno individual ou colectivo, pode ser obxecto de tratamento poético: o amor, os oficios, os traballos, a sátira individual e social, as romarías e santuarios, os fenómenos atmosféricos, etcétera. Todos eles están reflectidos no cancioneiro de tradición oral.

Nós ímonos circunscribir neste artigo ós cantos de berce de tradición oral por ser o último proxecto musical producido polo taller experimental de música tradicional coa firme pretensión de establecer nexos de unión entre a infancia dos transmisores e as novas xeracións que posibilitarán perpetuar os vínculos lúdicos e emotivos nun contorno cultural propio.

O taller experimental, formado por Nani García, Uxía López e Manuel Rico, traballa desde o ano 1994 na producción de proxectos musicais co obxectivo de presentar para o gran público a música tradicional en formas anovadas e así contribuír deste xeito á conservación dos signos da nosa identidade cultural.

Publicaron varios documentos musicais entre os que destacan *Arrolín, arrolán* (1995) que recolle cancións infantís e *Vente vindo, ven cantando* (1997) que nos mostra os diferentes xéneros da música de tradición oral de Galicia.

Agora saíu publicado pola editorial Galinova *Cantos de berce* de tradición oral.

Os cantos de berce conforman un amplo capítulo de temas que unha e outra nai foi creando, dende o grao máis elemental de relación do ritmo, do son e da sutileza literaria coa finalidade concreta de adormenta-los nenos e nenas. Ó mesmo tempo, neste diálogo permanente do ser querido coa nova criatura, vanse transmitindo, dunha maneira intuitiva, as formas de ser, de estar e de vivir nun mundo cultural propio.


O estudio pormenorizado do conxunto dos cantos de berce móstrannos como todo o coñecemento da educación da psicomotricidade o foi desenvolvendo unha e outra nai, só por intuición, ata se manifestar na creación deste importantísimo corpus de material líricomusical.

«Os cantos de berce conforman un amplo capítulo de temas que unha e outra nai foi creando coa finalidade concreta de adormenta-los nenos e nenas.»

Como característica común dos cantos de berce podemos sinalar unha gran sinxeleza lingüística e musical portadora dunha enorme afectividade nuns casos e dun alto poder de suxestión noutros. A música e a lingua asócianse nunha perfecta conxunción para acadar, cos máis belos logros estéticos, a función pretendida: a comunicación, a transmisión de afecto e de mensaxes concretos e a acción de adormenta-lo neno ou a nena.

Con este documento sonoro que presentamos intentamos que as nais e os pais de hoxe recuperen estas formas musicais coas súas mensaxes literarias para así garantir que lles canten ós seus fillos e fillas as creacións líricas tradicionais de forma que non se perda este vínculo interxeracional. Este vínculo afectivo así expresado e transmitido nun código lingüístico e musical propio seguirá perpetuando a nosa forma de ser e de estar nun espacio cultural concreto.

As melodías teranse que escoitar coa reproducción do documento sonoro[1]. A importancia das mensaxes literarias ben poden quedar reflectidas nesta pequena mostra que aquí expoñemos.



[1] Documento sonoro: *Cantos de Berce* Editorial Galinova. A Coruña. 2002.



« A música e a lingua asócianse nunha perfecta conxunción para acadar a función pretendida: a comunicación, a transmisión de afecto e de mensaxes concretos e a acción de adormenta-lo neno ou a nena»

Cantos de berce

Arrolín, arrolán,
¿Queres queixo, queres pan?
Se o queres non o negues
que as mulleres cho darán.
Arrolín, arrolán.
¿Queres queixo, queres pan?

¡Aquel paxariño
era tan lindiño!
viña de Valencia
da beira do río.

–E ¿como lle chaman?
–Chámanlle Pepiño.
–¡Ai, que lindo nome
ten o paxariño!

¡Ai, María Manuela,
corpo delicado!
ven coida-lo neno
que che está chorando.




Cala neniño, cala neniño
que están as papas no cacharoliño;
o neniño non quere calar
e as papiñas están a quentar.

Carniña, carniña, carne,
sangue do meu corazón;
nin contando as estrelas
contara-lo meu amor.

Durme, Manueliño, durme
que xa é hora de dormir
pecha un ollo, pecha o outro
que teu pai logo ha de vir.

Dúrmete meu neno,
dúrmete meu sol,
dúrmete anaquiño
do meu corazón.



E, meniña, e, que aí vén o cocón
Para come-la nena que non dormen non.

E, meniña, e, que che hei da-lo te
e mailas papiñas nun cacharolé.

E, meniña, e, zapato no pé
sardiña salgada pró noso Xosé.

E, neniña, e
que aí vén o cocorró
cunha tranquiña no cu;
túa nai é xirineta;
que che veña da-la teta;
e teu pai é gabián.
que che veña da-lo pan.

E, roró, neniña ro
cunha tranquiña no cu
marcharán os homes todos
quedaremos eu e tu.

Este neno é pequeniño
deixa-lo que el medrará;
fareille calzóns de liño
e unhas polainas de lá.

Este neno tenche sono
tenche ganas de durmir
ten un olliño pechado
e o outro non o pode abrir.

Este neno que teño no colo
é dun amor que lle chaman Manolo;
Deus que mo deu que mo críe logo
pra non andar cun entrenque no colo.

Lúa que corres moi leda
arrolaime este meniño;
namentres preparo a teta
pra lle poñer no biquiño.

Migueliño é unha rosa,
Migueliño é un caravel;
Migueliño é un espello,
súa nai mírase nel.

Non te troco meu meniño,
non te troco meu amor;
nin pola prata da lúa
nin polo ouro do sol.

O meniño tenche sono
e o soniño non lle vén;
vente sono, vente sono
que o meniño sono ten.

O meniño tenche sono
e non lle acaba de vir
vente sono, vente sono
que ten ganas de dormir.

Paxariños que voades
polas follas dos loureiros;
deixade durmi-lo neno
que está no sono primeiro.

Rivirola, meu meniño,
quen te ha de acalentar;
túa nai vai no muíño
e teu pai vaina buscar.

Sonín vén e sonín vai
polo carqueixedo,
adorméntame este neno.
Sonín vai e sonín vén,
polo carqueixal
para este neno adormentar.

Sonín vén e sonín vai,
Adorméntame o meu neno;
Adorméntadín che vou
Adormentadín che quedo.

«Este neno tenche sono
tenche ganas de durmir
ten un olliño pechado
e o outro non o pode abrir»



POR: ADRIANA FDEZ. ACEBO

Atopa os 7 animais agochados nas catro esquinas da páxina...

No arco da vella aparece un dito codificado... ¿es quen de descifralo?

A	B	C	D	E	F	G	H	I
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)
K	L	M	N	Ñ	O	P	Q	R
(10)	(11)	(12)	(13)	(14)	(15)	(16)	(17)	(18)
S	T	U	V	W	X	Z		
(19)	(20)	(21)	(22)	(23)	(24)	(25)		

Para vencer a "CONTAMINATOR" tes que buscar 8 materiais que debemos separar do lixo. Coas letras restantes poderás formar as 2 palabras "chave" para a súa destrucción.

R	R	C	O	M	I	D	A	E
U	O	C	I	T	S	A	L	P
O	U	A	G	Z	V	I	L	A
R	P	R	A	S	X	T	I	P
D	A	T	R	A	U	O	S	E
I	G	O	Q	T	X	V	T	L
V	R	N	R	A	E	U	X	C
A	L	P	I	L	A	S	C	I

Axuda a Helena a atopar os seus xoguetes preferidos... ¿cal é o camiño que ten que seguir?

Solucións

1. abella, paxaro, coala tartaruga, oruga, caracol e porcoteixo
2. DITO CODIFICADO:
arco da vella ó raiante
fálalle ós bois para adiante
arco da vella ó poniente
colle ós bois e vente.
3. SOPA DE LETRAS:

```
R R C O M I D A E
R P R A S     I P
D A T R A       E
  I   O   T   T L
V R N R A E U   C
A L P I L A S C I
  O C I T S A L P
O U A   Z   I L A
```

Palabras chave: reciclar e reutilizar
4. O camiño "D".

PASIÓN

GABRIEL TIZÓN



ATENEO FERROLÁN
www.ateneoferrolan.org